





# O chabolismo en Galiza

Edita: Xunta de Galicia  
Consellería de Vivenda e Solo  
Fundación Secretariado Xitano  
Supervisión lingüística: Ramiro Combo

Deseño gráfico: Uqui IIIII Cebra


Impresión:

ISBN:

Depósito legal:


Informe de situación, 2007

# O chabolismo en Galiza



# O chabolismo e a infravivenda en Galiza

Informe de situación, setembro de 2007







- 15 **Introdución**
- 21 **Vivenda, identidade cultural e exclusión social**
- 23 O concepto de exclusión residencial
- 24 Reprodución e erradicación do chabolismo
- 25 Chabolismo e comunidade xitana en Galiza
- 27 O caso dos ciganos trasmontanos
- 29 A nosa opción metodolóxica
- 30 Obxectivos
- 31 Definición
- 33 **Caracterización xeral**
- 35 Localización dos asentamentos
- 37 Dimensións
- 41 Caracterización conforme ao tamaño dos concellos
- 44 Caracterización conforme ao tamaño dos asentamentos
- 45 Localización dos principais asentamentos chabolistas
- 47 Distribución da poboación segundo o tamaño dos asentamentos
- 49 **Características dos asentamentos**
- 51 Titularidade dos terreos onde está situado o asentamento
- 52 Nivel de urbanización: rede de servizos
- 54 Nivel de servizos públicos
- 55 Nivel de equipamentos
- 56 Nivel de salubridade
- 57 Nivel de perigosidade



- 59 **Características da poboación afectada**
- 61 Número de familias/persoas do asentamento
- 62 Antigüidade do asentamento
- 63 Situación actual do asentamento
- 63 *Evolución da poboación no asentamento*
- 63 *Evolución do número de chabolas no asentamento*
- 64 *Existencia de políticas activas de intervención*
- 65 Procedencia das familias
- 66 Nivel de saúde dos habitantes
- 66 *Atención sanitaria*
- 67 *Presenza de problemas de saúde*
- 69 Nivel cultural e de formación da comunidade
- 71 Nivel económico
- 72 *Principais ocupacións*
- 73 *Fontes de ingresos*
- 74 *Integración no mercado de traballo*
- 75 Nivel de integración social
- 75 *Actividade de integración social*
- 77 *Os conflitos*
- 79 **Conclusións**
- 89 **Anexos**



A vivenda é fundamental na nosa vida; dentro dela construímos a identidade, educamos os fillos e supón o soporte fundamental da convivencia familiar. A vivenda é parte fundamental da nosa referencia social.

Un obxectivo fundamental, de calquera intervención liberadora non pode pasar por menos que efectivizar o dereito universal a gozar dunha vivenda que supoña un auténtico fogar para o benestar, en condicións suficientes de dignidade e de calidade, que a nosa Constitución menciona no artigo 47 como principio reitor para as administracións públicas.

Son diversos os colectivos que ven dificultado o acceso a unha vivenda digna e de calidade por cuestións económicas, sociais ou culturais. Para cada un destes colectivos cómpre atopar solucións acaídas ás problemáticas diferenciais que poidan presentar. Moitas veces detrás do problema de acceso á vivenda hai unha realidade persoal ou colectiva que vai máis alá da simple falta de recursos económicos, como fenómenos culturais, educativos, sociais ou psicolóxicos que crean ou reforzan situacións de exclusión social nos que a carencia de vivenda digna non é máis que unha das súas manifestacións.

Sen dúbida ningunha os asentamentos chabolistas constitúen unha das manifestacións específicas da exclusión social nun sector da poboación, no que interveñen condicionantes culturais, educativos, laborais ou sociais.

Partindo do principio do dereito universal a unha vivenda digna e á inclusión de todas as persoas, en igualdade de dereitos e deberes, na súa sociedade, é necesario posibilitar a súa integración na sociedade do benestar e nun fogar normalizado.

O primeiro que hai que facer é ter un diagnóstico claro das dimensións do problema. Con esta finalidade preséntase o estudo sobre o chabolismo en Galiza, despois dun ano de colaboración entre a Fundación Secretariado Xitano e a Conselleira de Vivenda e Solo.


Con este estudo obtense unha radiografía completa dos asentamentos chabolistas existentes nestes momentos en Galiza. Coñecemos o grao de habitabilidade dos asentamentos; a súa orixe e evolución; o nivel de acceso a equipamentos e servizos básicos; o número de habitantes; as condicións sanitarias, educativas, económicas e laborais da súa poboación, o nivel de adaptación ou conflictividade; a distribución territorial dos asentamentos e incluso a situación de risco ante posibles catástrofes como inundacións.


Este coñecemento permítenos a composición dun auténtico mapa de distribución do chabolismo en Galiza, clave para priorizar e graduar as medidas de erradicación que dende unha administración responsable se queiran poñer en marcha.

Calquera intervención que se pretenda eficaz deberá ter en conta a realidade da distribución territorial dos asentamentos e propoñer un plan integral de erradicación do chabolismo a medio prazo, propoñéndose obxectivos concretos e priorizando e distribuíndo en tempos as actuacións.

Este plan deberá ir acompañado dos necesarios instrumentos de execución, tanto xurídicos para facilitar a busca ou promoción de vivendas, como institucionais para facilitar a coordinación interdepartamental das administracións interesadas (autonómica e locais) e promover a participación de asociacións representativas, e por suposto económicos coa necesaria dotación orzamentaria suficiente para impulsalo.

# Introducción







O actual Goberno de Galiza ten a pretensión de impulsar as políticas que lles faciliten aos cidadáns e cidadás o acceso aos dereitos sociais básicos, nomeadamente aqueles recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e no actual ordenamento constitucional. Esa pretensión debe desenvolverse en continuidade coas normas administrativas e coas ferramentas legais deseñadas con anterioridade para posibilitaren o acceso aos dereitos. Pero tamén debe supoñer unha importante corrección das políticas que non foron eficaces, ben por falta de pulo, ben por ausencia de liderado, ben por carecer dos instrumentos administrativos axeitados para a súa abordaxe.

Un dos dereitos que merece unha atención anovada é o dereito a unha vivenda digna. A vivenda é considerada, comunmente, como un dos factores claves do desenvolvemento social dos países e das comunidades humanas. Por iso, as políticas de benestar dos países que pretenden desenvolver unha democracia social veñen considerando as políticas de vivenda como políticas de benestar.

Non obstante, a situación social do Estado español durante a Transición, así como a configuración dos sectores produtivos e dos intereses, provocaron que as políticas de vivenda fosen implementadas como políticas pensadas para as clases medias e para o desenvolvemento económico.

De feito, se comparamos o conxunto de políticas de vivenda coas principais políticas de benestar, como son a saúde ou a educación, chama a atención o papel tan diferente representado polas administracións públicas para garantirlle a extensión dos dereitos residenciais ao conxunto da cidadanía. Así, mentres na educación e na saúde se considera que o papel das políticas públicas é a universalización dos dereitos, tocante á vivenda unha parte fundamental das políticas desenvoltas ata datas moi recentes estaban encamiñadas a potenciar o sector da construción como xerador de actividade produtiva<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Cf. L. Cortés Alcalá e Ó. López Maderuelo, *España y el desarrollo social*, Cáritas Editores e Intermón, Madrid, 1999, páx. 126.

Daquela, a promoción da vivenda serviu como mecanismo de desenvolvemento económico e, de forma indirecta, de dinamismo social na nosa sociedade, pero foi considerada desde o seu valor de mercado (como investimento) antes que desde o seu valor de uso (benestar residencial).

Este modelo está na base da actual crise de sustentabilidade do mercado inmobiliario e hipotecario, coas súas previsibles consecuencias económicas e sociais. Serviu, é certo, como modelo de aforro familiar, pero actuou progresivamente en detrimento da accesibilidade social á vivenda. E a falta de accesibilidade carrega serias consecuencias para as persoas e os colectivos sociais.

En troques, entendemos que o acceso á vivenda debe ser considerado como unha condición de posibilidade para o desenvolvemento social, para a equidade e para a convivencia social e cultural nas nosas vilas e cidades:

“Difícilmente se pode asegurar unha mellora na calidade de vida sen actuar sobre as condicións de aloxamento. A vivenda é unha necesidade central que permite que se desenvolva un proceso de integración e normalización, que se inicia pola posibilidade de que cada persoa teña o seu propio domicilio, e, daquela, un lugar de referencia. É o espazo onde se fai posible a convivencia e, o que talvez é máis importante, que se poida desenvolver un proceso de vida independente no que se poidan exercer todos os dereitos que se definen en cada marco xurídico. A vivenda por si mesma non garante estes dereitos se non vai acompañada do traballo, a saúde, a educación, a participación nas institucións, a seguridade e a liberdade. Pero tamén é certo que a vivenda constitúe unha base sobre a que se soportan o resto dos dereitos, de forma semellante ao que pode ser o traballo, a saúde ou a educación. En realidade, a vivenda é un requisito para que o resto dos dereitos poidan desenvolverse con absoluta normalidade”<sup>2</sup>.

Por iso, para servir de garantía de dereitos e impulsar a inclusión social, xa a Lei de erradicación do chabolismo (Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza) declaraba no seu preámbulo:

A política de vivenda constitúe un dos principais elementos dunha política de benestar. A actuación dos poderes públicos nun Estado social e democrático de dereito debe ir, pois, efectivamente, dirixida a facer realidade o dereito de todos os cidadáns a unha vivenda digna e adecuada, cunha atención especial cara aos colectivos máis desfavorecidos, a través dunha política de vivenda que favoreza a integración social e a calidade de vida.

<sup>2</sup> Idem, páx. 126.

A erradicación do chabolismo, pola degradación que supón das condicións de vida dos cidadáns e por ser expresión de marxinalidade, revélase como unha prioridade evidente en materia de vivenda. É por iso polo que, a través da presente lei, se determina un conxunto de medidas que posibilitarán, coa actuación decidida de todos os axentes institucionais e sociais, a súa solución no máis breve prazo.

Os dezaoto anos transcorridos desde a promulgación da lei ata o día de hoxe deixan un balance paradoxal. Por unha banda, o chabolismo reduciuse en Galiza dun xeito importante. O informe realizado pola Asociación Sociopedagóxica Chavós *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, para a ConSELLERÍA de Familia reflicte de forma rotunda esa situación:

Nos últimos dez anos, a taxa de chabolismo da poboación xitana de Galiza desce de máis de quince puntos, desde o 49,3% ao 34,13%. Se hai dez anos unha de cada dúas familias xitanas vivía nunha chabola ou infravivenda, na actualidade é unha de cada tres a que sofre a carencia de vivenda<sup>3</sup>.

Para ilustrar a evolución da situación, achega unha táboa de datos na que aparecen 2.873 persoas residindo no que se consideran dúas tipoloxías diferentes de asentamentos: os campamentos chabolistas e os campamentos de infravivendas. A propia investigación reconece que, diferindo na súa orixe e na intervención pública que lles deu a súa configuración, ambas as formas de infravivenda entran plenamente na catalogación de “chabola” que fai a citada Lei de erradicación do chabolismo.

Pola súa banda, o Informe Extraordinario do Valedor do Pobo sobre a Situación da Poboación Xitana de Galicia recolle a seguinte valoración, baseándose nos estudos anteriores e nas entrevistas en profundidade a informantes clave:

En definitiva, a vivenda digna como elemento básico de integración social e dereito inalienable das persoas é, aínda, un obxectivo lonxe de ter sido alcanzado. Porén, a situación da poboación xitana en Galiza no que atinxe ao acceso á vivenda mellorou notablemente, o que se traduciu na redución do chabolismo. Se ben 1 de cada 3 xitanos segue habitando en infravivendas, a dinámica social e as actuacións públicas facilitaron un acceso masivo da poboación xitana á vivenda normalizada, ben a través da construción de promoción pública, ben mediante o acceso no mercado privado ou alugueiro<sup>4</sup>.

<sup>3</sup> A.S.P. Chavós *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2003, páx. 69.


<sup>4</sup> Informe Extraordinario do Valedor do Pobo sobre a Situación da Poboación Xitana de Galicia, Santiago de Compostela, 2005, páx. 36.


Este xuízo xa é menos optimista, porque, mesmo recoñecendo avances, apunta tamén ás importantísimas carencias que debe sufrir a poboación xitana no acceso á vivenda. Pero, a maiores, segue partindo do elemento étnico como configurador da situación de chabolismo.

No entanto, como teremos ocasión de analizar, o chabolismo ten unha definición étnica plural, a pesar da prevalencia da poboación xitana (especialmente a de orixe galega). Ademais, ficaron fóra dos sucesivos recontos os ciganos trasmontanos, cidadáns da Unión Europea fortemente enraizados entre nós. Así, debemos comezar o noso informe dicindo que resulta explicable que fiquen arredor de 3.381 persoas no país en situación de chabolismo, a pesar dos avances producidos non só na primeira década de vixencia da lei, senón mesmo na década actual.

E non só o número é superior ao agardado, senón que, a pesar das importantes actuacións realizadas en certos concellos, a vertixe da elevación dos prezos do solo e da vivenda construída na última década fixeron aínda menos accesible a vivenda ao conxunto da cidadanía. E a poboación chabolista, a pesar dos tópicos, non é a máis favorecida pola política de vivenda, senón a máis vulnerable nunha situación de puro mercado, e a que ten menos capacidade de negociar medidas de acción positiva para rematar coa súa situación.

Vivenda,  
identidade cultural  
e exclusión social





## O concepto de exclusión residencial

A vivenda non pode considerarse exclusivamente como unha mercadoría ou produto. Un fogar é unha necesidade básica, que permite que a sociedade funcione, e un dereito que ten cada persoa. Por iso, calquera desaxuste produce situacións de crise social. Entre as funcións máis importantes que ten unha vivenda na nosa sociedade achamos as seguintes:

- A vivenda é o elemento material que permite constituír un fogar, e, daquela, reproducir as familias, a primeira organización da nosa sociedade. Sen vivenda non hai fogar nin novas familias.
- A vivenda permite a independencia de vida de cada persoa. É un espazo íntimo, onde pode desenvolverse a vida humana.
- Tamén é un lugar de consumo e produción, sendo posible nela a relación entre produtor e consumidores. Permite a reprodución dos traballadores e dos consumidores.
- A vivenda é o lugar onde se goza do ocio, especialmente do lecer a través dos medios de comunicación.
- A vivenda é espazo de socialización, onde se aprenden os roles sociais. Apréndese o que é o fogar e a familia, entre outras moitas aprendizaxes.
- A vivenda é un espazo de maduración no que se aprende a convivir en sociedade respectando normas comúns. É o lazo entre a familia e o resto da sociedade, os veciños, a cidade...

Ter unha casa é fundamental para que calquera persoa poida integrarse na sociedade, e por iso é unha necesidade primaria, recoñecida como un dereito constitucional.

Non ter vivenda, non ter un lugar coas condicións mínimas para vivir impídelle ás persoas integrarse na sociedade. E máis se carecen doutros factores de participación social: familia, traballo... A pobreza sempre se relaciona coa falta de vivenda digna.

Hoxe, a exclusión residencial maniféstase de dúas formas: porque grandes grupos de poboación non poden conseguir unha vivenda e porque a acción política non é capaz de garantir o dereito a unha vivenda digna<sup>5</sup>.

## Reproducción e erradicación do chabolismo

Por tanto, o acceso á vivenda configura a autopercepción das persoas, a súa identidade, así como a produción económica e social das familias e a súa reprodución biolóxica e cultural. Dificilmente unha persoa que reside nunha chabola pode ter unha percepción da súa situación económica, social e cultural como normal. As dificultades diarias en cuestións básicas como a hixiene ou o coidado da roupa actúan nunha circularidade negativa coa imaxe de si que teñen estas persoas e colectivos sociais.

Ao propio tempo, a súa identidade social vaise construír máis desde a súa situación residencial que desde a súa tradición cultural, sendo sensible a aqueles aspectos da tradición cultural na que se insire o seu grupo de pertenza que destaquen a precariedade residencial, antes que a outros que poñan focalizar a convivencia.

Nesas situacións, as posibles ocupacións que dean sustento á economía familiar e ás súas estratexias de supervivencia estarán sempre condicionadas pola residencia: a procura dun traballo por conta allea vaise ver dificultada polas condicións residenciais de partida, pola autopercepción negativa (que moitas veces constitúe un factor limitador clave) e pola discriminación. En troques, esta situación residencial favorece o traballo familiar, o control social patriarcal nas relacións familiares, as actividades económicas informais e mesmo outras ilícitas. Cando se chega a este último punto, a superación das problemáticas sociais xa non é posible cun mero cambio nas condicións de residencia: cómpre un cambio no lugar e unha dispersión dos núcleos de relación que fan viables as economías ilícitas a certa escala.

Mesmo existen problemas na viabilidade das actividades económicas informais: son posibles na actual situación de permisividade da mestura de usos industriais e usos residenciais nas chabolas e nos enclaves segregados. Pero esa mestura vai contra o ordenamento residencial vixente; e progresivamente

<sup>5</sup> Luis Cortés Alcalá, José León Paniagua, *'La vivienda como factor de exclusión social'*, en *Documentación Social. Revista de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada*, 106: 93-147.



entra tamén en contradición coas normativas ambientais. Daquela, a pesar de que o tratamento de residuos (urbanos e industriais) poida manter unha rendibilidade conxunturalmente máis elevada que en anos anteriores, este modelo de produción será progresivamente residual e mesmo podería ter os días contados.

Existe, asemade, unha importante correlación entre a residencia en chabolas ou outras formas de infravivenda e a dimensión media das familias, así como a anticipación da nupcialidade e da natalidade. Non podemos pensar nunha causalidade única para esta correlación, pero a maior dispoñibilidade de alternativas residenciais e de espazo cando non se teñen expectativas dunha vivenda digna facilita unha maior dimensión das familias, así como unha emancipación máis temperá. De feito, unha comparación das pautas de nupcialidade e de natalidade dentro do mesmo colectivo cultural revelan que existe unha maior diferenza por mor da residencia que pola adscrición cultural.

### **Chabolismo e comunidade xitana en Galiza**

Para a comunidade xitana, as política de acceso á vivenda non só son importantes polo significado común para o conxunto da poboación. Son especialmente relevantes porque constitúen o eixo de articulación entre a itinerancia que no pasado caracterizou as comunidades xitanas e o actual proceso de sedentarización<sup>6</sup>.

En primeiro lugar, convén aclarar que, a pesar da frecuencia con que se emprega o termo 'nomadismo' para referirse á caracterización da itinerancia deste colectivo cultural, esta caracterización non é axeitada. Desde os traballos lingüísticos de W. von Humboldt, está ben testemuñada a orixe indostánica das comunidades xitanas de todo o mundo. O caló é unha variante dialectal do sânscrito primitivo. Daquela, os xitanos proceden dun esgazamento dun colectivo amplo procedente dunha cultura urbana que ten máis de catro mil anos de antigüidade. Só podemos aplicar o concepto 'nómade' para referirnos a esta cultura no caso de entendermos o termo non no senso antropolóxico estrito de nomadismo (as culturas forraxeiras e gandeiras), senón no senso de comunidade viaxeira ou itinerante.

<sup>6</sup> Cf. *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, pp. 39-54.

Negado o carácter primitivo (pre-urbano) da itinerancia das comunidades xitanas, é máis doado entender a pluralidade de formas de abordaxe da posesión e conservación dunha vivenda por parte dos diferentes grupos sociais e culturais que integran esas comunidades: mentres que uns levan séculos instalados en vivendas normalizadas (probablemente polo influxo das pragmáticas dos reis ilustrados e polas súas políticas de asimilación cultural), outros conservaban ata tempos ben recentes unha itinerancia moi intensa<sup>7</sup>.

Unha conclusión directa destas afirmacións é que o proceso de 'seden-tarización' forma parte dun proceso máis amplo de modernización e desru-ralización das familias xitanas, inserto nun proceso social máis amplo que afecta ao conxunto das sociedades europeas, que ten unha manifestación relativamente serodia en Galiza e unha plasmación máis serodia aínda no caso das familias xitanas galegas. Trátase, entón, dun proceso endógeno, aínda que as súas causas abranguen o conxunto dos procesos culturais da sociedade occidental.

Ora ben, ese proceso de asentamento estable non está exento de proble-mas. A fixación da poboación ao territorio considérase a base do acceso aos dereitos nos Estados europeos. E isto desde os tempos da Ilustración e do Despotismo do século XVIII. Por esta razón, as presións positivas (acceso aos dereitos sociais e cidadáns, a participación na vida económica), conxú-ganse coas negativas (control social, asimilación) no proceso de fixación da poboación ao territorio. Logo, non debe considerarse paradoxal a existencia de fortes tensións sociais nin de datos aparentemente contraditorios na ca-racterización das condicións de vida dos asentamentos chabolistas e da súa poboación.

Como queda dito, o proceso de modernización, urbanización e proleta-rización do conxunto da sociedade galega debe considerarse como moi re-cente, na comparación da maioría das nacións no contexto europeo. Este proceso, apenas concluído, móstrase con fortes eivas na comunidade gitana, e de forma particular nas poboacións chabolistas.

Estas contradicións son máis agudas no caso de que o proceso de asen-tamento estea relacionado con presións do contorno comunitario para modi-ficar as súas localizacións:

<sup>7</sup> J. P. Liégeois, *Los gitanos*, Fondo de Cultura Económica, México, 1983.

As familias xitanas afrontaron os traslados aos campamentos de barracóns sen demasiadas opcións, pero sen opor tampouco resistencia. Nuns casos, o traslado xurdía como alternativa ante a presión do desaloxo. Cando non era así, a situación económica das familias e a precariedade das súas vivendas facía positiva calquera opción. Pero incluso para familias que xa accederan á vivenda en réxime de alugamento e dispuñan de máis medios, a promesa dunha vivenda en propiedade resultaba atraente. Os homes e mulleres xitanos preferían vivir coa súa familia, e rexeitaban a idea de ter que compartir o seu territorio con xitanos doutros grupos familiares, pero poucos estiveron dispostos a renunciar á vivenda pola veciñanza<sup>8</sup>.

Esta é a razón pola que, lonxe de responsabilizar en exclusiva a comunidade xitana do seu precario acceso á vivenda, debemos comprender que esta se produce na fronteira entre unha sociedade que os perseguía (a Lei de vagos e maleantes estivo vixente ata a promulgación da Constitución) e outra que ofrecía posibilidades dunha solución residencial axeitada e pouco gravosa. A evolución posterior das políticas mellorou radicalmente as condicións de vida das poboacións xitanas, pero frustrou as expectativas dunha cómoda solución residencial. As novas decisións políticas deben educar nas obrigas da condición de cidadáns, ao tempo que incidir na igualdade de oportunidades, a comezar polas persoas e colectivos máis vulnerables e excluídos da sociedade.

## O caso dos ciganos trasmontanos

Unha consideración específica merece o caso dos ciganos trasmontanos (orixinarios de Trás-os-Montes, no nordeste portugués. O seu asentamento no noso país vén desde mediados dos anos sesenta do pasado século, cando comeza a ser evidente o diferencial de desenvolvemento económico e social entre o nordeste portugués e o correspondente a Galiza. Outras zonas do Estado tamén foron polo de atracción desta colectividade: Asturias, Navarra<sup>9</sup> ou Cataluña son destinos habituais para os trasmontanos.

Os ciganos trasmontanos foran excluídos das investigacións sobre infravivenda, por unha banda, e sobre problemática xitana, pola outra, por dous motivos:

<sup>8</sup> A.S.P. Chavós, *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, páx. 57.

<sup>9</sup> Cf. Lurdes Nicolau, *A comunidade cigana portuguesa em Pamplona*, traballo de Mestrado, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro.

■ En primeiro lugar, o seu carácter de residentes estranxeiros fai que sexan excluídos das políticas de benestar en xeral ata finais dos anos noventa. Só cando a presenza da inmigración comece a ser moito máis visible, e a diferenza entre cidadáns da Unión Europea e os extracomunitarios estea fundamentalmente asentada, as políticas públicas de benestar comezan a considerar a poboación trasmontana como obxecto de intervención.

■ En segundo lugar, ata a presente década non hai traballos científicos que clarifiquen a etnicidade da poboación trasmontana. Así, a investigación máis fonda sobre as condicións de vida na poboación xitana en Galiza conclúe:

“A concepción popular da etnia xitana como un grupo marxinal, e non como grupo étnico ou como pobo, fai que habitualmente se confunda esta poboación, como calquera outro grupo ou individuo con condicións de vida precarias, como poboación xitana<sup>10</sup>”.

Porén, os traballos antropolóxicos e sociais da presente década, nomeadamente o de Lurdes Nicolau da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), mostraran a súa condición étnica como pertencente ao tronco xitano caló (o mesmo da maioría dos xitanos do Estado español e de Portugal), mesmo se existen fondas diferenzas de idiosincrasia co resto dos ciganos portugueses (e, daquela, tamén cos xitanos do resto do grupo caló).

No presente traballo, os ciganos trasmontanos que viven en asentamentos chabolistas serán contabilizados, e as súa problemática agregada coa do resto da poboación chabolista de Galiza. Os motivos da súa inclusión no presente informe:

■ A investigación sobre os principais núcleos chabolistas do país prioriza a súa condición de colectivo chabolista sobre outras consideracións acerca da súa etnicidade.

■ A nova visión sobre a etnicidade dos ciganos trasmontanos fai que os debamos agregar ás comunidades xitanas, matizando aínda máis a súa pluralidade interna, e as diferentes aproximacións culturais dentro dela á produción económica e á reprodución cultural.

■ Unha visión europea do benestar non pode excluír un colectivo de cidadáns de orixe comunitaria, e menos cando levan un proceso de arraigo tan prolongado na nosa xeografía e no noso contexto social.

<sup>10</sup> Cf. A.S.P. Chavós, *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, pág. 30.

- A conveniencia de evitar que novos colectivos doutras nacionalidades acaben tomando o relevo en formas de exclusión residencial e na consolidación da súa exclusión social.

## **A nosa opción metodolóxica**

Para a elaboración do presente informe sobre o chabolismo en Galiza, decidimos partir da Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 09-05-1989), así como dos posteriores decretos sobre erradicación do chabolismo. A estrutura da información sobre as características dos asentamentos e as características da poboación afectada seguen moi de preto a organización da información requirida pola Orde do 21 de xuño de 2006 de subvencións aos concellos, pola que se desenvolve parcialmente o Decreto 266/1989, do 23 de novembro, de desenvolvemento da Lei 5/1989, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza, se establecen as bases e se abre a convocatoria de axudas e subvencións na referida materia para 2006.

O traballo de campo da investigación tomou como punto de partida unha rede de informantes secundarios. Esta vén integrada sobre todo polos servizos sociais municipais e, subsidiariamente, polas organizacións sociais que actúan sobre o terreo. A opción polos informantes secundarios levou á realización de visitas técnicas que incluíron non só a entrevista co persoal dos servizos e a cobertura da ficha de observación, senón tamén á realización de visitas aos asentamentos e contacto cos seus moradores. Estas últimas non resultan centrais na obtención e organización dos datos, nin se produciron en todas as ocasións, pero permitiron unha visión máis próxima dos problemas.

En moitos casos, os informantes da rede social eran persoal da propia Fundación Secretariado Xitano en Galiza, o que facilitou a obtención da información, a súa sistematización e a proximidade coas problemáticas abordadas.

## Obxectivos

Esta opción metodolóxica está condicionada pola necesidade de situar a información nun contexto operativo que sirva para darlle unha nova orientación ás políticas sobre chabolismo e ás actuacións sobre o terreo.

Dado que a abordaxe da situación de chabolismo é un dos cometidos fundamentais da Consellería de Vivenda, a través da súa Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, a sistematización dos datos sobre chabolismo é de capital importancia para poder priorizar as diferentes situacións e avaliar a adecuación dos medios actuais para abranger os retos que aquí se albiscan.

Asemade, cómpre evidenciar a necesidade dunha intervención encamiñada á erradicación do chabolismo. No momento presente, estamos en disposición de planificar políticas de normalización do acceso á vivenda para o groso da poboación que sofre a exclusión residencial. É necesario evidenciar que, a pesar das dificultades actuais, acabar co fenómeno do chabolismo resulta posible neste momento. Con posterioridade, pode que os procesos migratorios das poboacións xitanas do leste de Europa e os fenómenos emerxentes de exclusión residencial fagan moito máis complexo atallar esta situación.

Os países que carecen de asentamentos chabolistas dificilmente desenvolven esta problemática social; aqueles nos que o chabolismo é un produto non desexado dunha modernización desigual, este tende a reproducirse e mesmo a incrementarse.

O presente informe trata de poñer de manifesto a dimensión real do reto da erradicación do chabolismo para poder planificar unha actuación acorde coas necesidades reais do país.


## Definición

Para a presente investigación, e consonte a Lei de erradicación do chabolismo (Lei 5/1989):

Enténdese por chabolas aqueles habitáculos que, non reunindo as características e condicións de vivendas nin sendo susceptibles de se converteren en tales, están a ser utilizados como morada humana.

Daquela, non faremos ningunha diferenza entre as chabolas construídas por iniciativa dos seus moradores e as erguidas por iniciativa dos poderes públicos ou da iniciativa social, sempre que estas non sexan susceptibles de cambios que lles permitan acceder á condición legal de vivendas. Cando é preciso derrubar unha edificación completa e levantala de novo, e máis cando esta edificación en orixe era unha chabola (pero tamén un alpendre ou unha nave industrial en desuso), falaremos de chabolismo. Os asentamentos segregados, integrados por edificacións de tipoloxía especial –diferente das normas aplicables habitualmente á vivenda– entrarán, por tanto, nesta definición común.


Para o presente estudo, dada a imposibilidade de localizar o conxunto de chabolas edificadas no país, decidimos establecer un limiar que situamos en cinco chabolas. Ademais das dificultades de localización, podemos engadir a maior facilidade para o tratamento individual daquelas edificacións que non son antigas no tempo e non teñen unha dimensión crítica que dificulte a intervención urbanística e social.









Caracterización  
xeral



## Localización dos asentamentos

Os principais asentamentos chabolistas están distribuídos de forma pouco homoxénea pola xeografía galega. En xeral, podemos afirmar que son máis os asentamentos e teñen unha maior dimensión onde maior é o número de xitanos.



Daquela, non debe estrañarnos que sexa a provincia da Coruña a localización do maior número de núcleos chabolistas ou de infravivendas; e que, no extremo oposto, a provincia de Lugo presente o menor número de persoas que vivan neste tipo de edificacións, sendo tamén a provincia cun número máis reducido de concellos onde aparece este fenómeno.

Daquela, existen en Galiza un total de 39 asentamentos chabolistas, ou de infravivendas segregadas. Delas, 13 corresponden á provincia de Pontevedra, 9 á de Ourense, 3 á de Lugo e 14 á da Coruña, conforme aparece reflectido na seguinte gráfica:

En principio, parece claro que, conforme á tendencia da poboación xitana en Galiza, tamén a poboación chabolista tende a concentrarse no corredor atlántico<sup>11</sup>. Non obstante, unha primeira lectura dos concellos aos que corresponde esa poboación indica que existen algúns concellos con poboacións xitanas relevantes que carecen de asentamentos chabolistas, mentres que noutros casos, como teremos ocasión de

comprobar cando abordemos a procedencia e a etnicidade dos asentamentos, existen núcleos chabolistas cunha presenza relevante de persoas que non son xitanas.

A distribución porcentual dos datos, desagregada por provincias, reforza, de todos modos, a idea dunha maior concentración nas provincias atlánticas;

<sup>11</sup> Cf. A.S.P. Chavós, *A comunidade xitana en Galicia, 1990-200*, Xunta de Galicia, 2003.

Localidade	Denominación
<b>A CORUÑA</b>	
A Coruña	As Rañas
	O Portiño
	Penamoa
	A Ponte da Pasaxe
Ames	Castiñeiro de Lobo
Culleredo	Nave BBV
	As columnas
	Pazos
Ferrol	Requeira Grande
	O Seixo Branco
	Taboada
	O Freixeiro
Narón	San Mateo
	A Conlleira – Xarás
Ribeira	A Conlleira – Xarás
<b>LUGO</b>	
Lugo	O Carqueixo
Monforte de Lemos	As Lamas
Quiroga	Toucedo

porén, a provincia da Coruña tería un peso relativamente menor que o esperado e a de Pontevedra estaría sobrerrepresentada. A provincia de Ourense, pola súa parte, tería un nesgo maior de sobrerrepresentación:

Estes datos deben ser contrastados co número de poboacións nas que existe unha poboación significativa, integrada por máis de cinco familias, tomando o mesmo patrón numérico que empregamos para definir os principais asentamentos chabolistas.

<b>OURENSE</b>	
O Carballiño	A Pena
Maceda	O Pedroso
	O Toural
Maside	A Fontela
Verín	Caldeliñas
	Campo Grande
	Grupo Monterrei
Xinzo de Limia	O Salgueiro
	Campanillas
<b>PONTEVEDRA</b>	
Maín	Moreira
	As Raposeiras
O Porriño	A Mota
	A Relva
	Ribeira
Poio	O Bao
	A Salgueira
Vigo	As Carneiras
	O Caramuxo
	Naia
	Penís
	Vilagarúa de Arousa
Vilanova de Arousa	O Cornazo

## Dimensións

Vexamos agora a dimensión destes asentamentos, tocante ao número de chabolas, o número de familias e o número de persoas que os integran. Os datos obtidos no traballo de campo son os seguintes:

Os datos de que dispoñemos son bastante completos, se exceptuamos os da cidade da Coruña. Para facernos unha idea cabal do alcance máis probable da problemática chabolista, a pesar destas pequenas lagoas na información, intentemos facer unha aproximación estatística á dimensión posible daqueles asentamentos dos que carecemos de datos concretos. Farémolo

### A CORUÑA

Localidade	Denominación	Familias	Persoas	Chabolas
A Coruña	As Rañas	19	s/d	s/d
	O Portiño	72	s/d	s/d
	Penamoa	123	s/d	s/d
	A Ponte da Pasaxe	54	s/d	s/d
Ames	Castiñeiro de Lobo	20	192	20
Culleredo	Nave BBV	5	21	5
Narón	O Freixeiro	71	248	s/d
	San Mateo (Vilar de Trasanco)	7	50	6
Ribeira	A Conlleira - Xarás	3	12	3
Ferrol	Regueira Grande	8	28	8
	As Columnas	7	33	6
	Pazos	14	48	12
	O Seixo Branco	8	34	0
	Taboada	5	20	4

### LUGO

Lugo	O Carqueixo	35	190	40
Monforte de Lemos	As Lamas	15	52	15
Quiroga	Toucedo	10	39	9

**OURENSE**

Localidade	Denominación	Familias	Persoas	Chabolas
O Carballiño	A Pena	6	25	6
Maceda	O Pedroso	17	76	17
	O Toural	8	30	
Maside	A Fontela	25	80	25
Verín	O Salgueiro	7	26	7
	Caldeliñas	18	48	18
	Campo Grande	21	72	21
	Grupo Monterrei	9	28	9
Xinzo de Limia	Campanillas	10	36	10

**PONTEVEDRA**

Marín	Moreira	3	12	3
	As Raposeiras	6	20	4
Poio	O Bao	57	312	
O Porriño	A Mota	5	25	6
	A Relva	20	60	10
	Ribeira	6	35	6
Vilagarcía de Arousa	Trabanca Badiña	30	115	25
Vigo	O Caramuxo	6	26	5
	As Carneiras	6	22	6
	Naia	15	45	15
	A Penís	20	81	20
	A Salgueira	4	18	4
Vilanova de Arousa	O Cornazo	20	80	20

tomando a dimensión máis probable dos fogares, empregando a media destes no conxunto da mostra. Tamén o número de edificacións será calculado aplicando o mesmo artificio estatístico.

Os resultados totais serían os seguintes:

### A CORUÑA

Localidade	Denominación	Familias	Chabolas	Persoas
A Coruña	As Rañas	19	18	81
	O Portiño	72	67	307
	Penamoa	123	115	524
	A Ponte da Pasaxe	54	51	230
Ames	Castiñeiro de Lobo	20	20	192
Culleredo	Nave BBV	5	5	21
Narón	O Freixeiro	71	67	248
	San Mateo (Vilar de Trasanco)	7	6	50
Ribeira	A Conlleira - Xarás	3	3	12
	Regueira Grande	8	8	28
Ferrol	As Columnas	7	6	33
	Pazos	14	12	48
	O Seixo Branco	8	0	34
	Taboada	5	4	20
		<b>416</b>	<b>382</b>	<b>1.828</b>

### LUGO

Lugo	O Carqueixo	35	40	190
Monforte de Lemos	As Lamas	15	15	52
Quiroga	Toucedo	10	9	39
		<b>60</b>	<b>64</b>	<b>281</b>

### OURENSE

O Carballiño	A Pena	6	6	25
Maceda	O Pedroso	17	17	76
	O Toural	8	8 <sup>12</sup>	30

<sup>12</sup> O proceso de realoxamento deste asentamento fai que no momento de realizarse o traballo de campo estivesen nun aloxamento transitorio que impide describir exhaustivamente o número de chabolas.

**OURENSE**

Localidade	Denominación	Familias	Chabolas	Persoas
Maside	A Fontela	25	25	80
Verín	O Salgueiro	7	7	26
	Caldeliñas	18	18	48
	Campo Grande	21	21	72
	Grupo Monterrei	9	9	28
Xinzo de Limia	Campanillas	10	10	36
		121	121	421


**PONTEVEDRA**

Marín	Moreira	3	3	12
	As Raposeiras	6	4	20
Poio	O Bao	57	53	312
O Porriño	A Mota	5	6	25
	A Relva	20	10	60
	Ribeira	6	6	35
Vilagarcía de Arousa	Trabanca Badiña	30	25	115
Vigo	O Caramuxo	6	5	26
	As Carneiras	6	6	22
	Naia	15	15	45
	A Penís	20	20	81
	A Salgueira	4	4	18
Vilanova de Arousa	O Cornazo	20	80	20
		198	177	851
	<b>Total</b>	<b>795</b>	<b>744</b>	<b>3.381</b>

De ser certos estes datos (e teñen unha forte plausibilidade, tanto pola coherencia estatística como pola calidade das fontes de información do Concello da Coruña, onde esa ausencia de datos é máis significativa), estaríamos nunha situación peor que a descrita no Informe *A comunidade xitana en Galicia...*



Ademais, as porcentaxes de poboación chabolista fican moi modificadas en relación co panorama resultante de abordar en exclusiva o número de asentamentos existentes.



O resultado non pode ser máis claro: mentres que unha consideración do número de asentamentos sitúa a provincia da Coruña a pouca distancia da de Pontevedra, a consideración do número de persoas por asentamento fai incrementar o peso ponderal da Coruña, en detrimento de Pontevedra (que perde oito puntos porcentuais) e de Ourense (que perde once puntos). Lugo non modifica a súa situación en calquera das dúas formas de consideración.

Teremos ocasión de abordar, máis polo miúdo, a caracterización dos asentamentos chabolistas e as súas dimensións. Pero, para esta caracterización xeral, será suficiente con dicir que esta perda de peso ponderal procede dunha menor dimensión dos asentamentos, que pode correlacionarse (isto será obxecto de posterior estudo) cun maior grao de conflictividade e cunha maior complexidade para a abordaxe das diferentes problemáticas.

### Caracterización conforme ao tamaño dos concellos

Feita esta primeira corrección, relativa á maior presenza de poboación chabolista na provincia da Coruña e á maior dimensión dos seus asentamentos, será fundamental considerar tamén a dimensión dos concellos nos que se produce este fenómeno. De maneira xeral, podemos aventurar que os concellos das cidades terán maiores recursos e capacidade administrativa para a abordaxe do chabolismo. Pola contra, os concellos de pequenas dimensións poden ter un maior interese, pola relevancia porcentual da problemática chabolista, pero estarán limitados nas súas capacidades para facer fronte ao problema.

Outra consideración importante fai referencia á posibilidade de que a poboación chabolista sexa expulsada dos espazos urbanos máis densos e que procure establecerse noutros con menor control. Será, daquela, moi relevante considerar aqueles asentamentos que, sen pertencer a unha das sete cidades, estean situados en concellos limítrofes, atraídos por circunstancias urbanas máis favorables:

Das sete cidades de Galiza (por tamaño, en orde descendente: Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra), só catro presentan asentamentos chabolistas. Pontevedra ten algunhas chabolas dentro do seu perímetro municipal, pero non forman asentamentos; Ourense reconece certas problemáticas de vivenda, especialmente polo precario e recente da erradicación realizada, mais non consta a existencia de chabolas nos servizos sociais municipais. Por último, Santiago de Compostela erradicou o chabolismo cunha política de vivenda harmonizada cunha política urbanística a partir dos anos oitenta do século pasado.

Arredor das cidades, conforme á previsión, aparecen tamén importantes problemáticas de chabolismo: é o caso de Poio, na área urbana de Pontevedra, coa segunda poboación chabolista en orde de importancia numérica; de Narón, en Ferrolterra, coa terceira poboación chabolista do país; de Culleredo, no espazo urbano da Coruña; de Marín, tamén no espazo urbano de Pontevedra; e, sobre todo, de Ames, no ámbito urbano de Santiago de Compostela, co sexto asentamento do país en número de persoas, de moi recente evolución. Alí conviven moinantes de Carballo e ciganos portugueses, seguindo as informacións dispoñibles.

Localidade	Poboación	Poboación chabolista
Vigo	293.255	192
A Coruña	243.320	1142
Lugo	93.450	190
Ferrol	76.399	163
Vilagarcía de Arousa	36.519	115
Narón	35.664	298
Ribeira	27.053	12
Culleredo	26.547	21
Marín	26.190	32
Ames	23.219	192
Monforte de Lemos	19.412	52
O Porriño	16.617	120
Poio	15.201	312
Verín	13.944	174
O Carballiño	13.716	25
Vilanova de Arousa	10.592	80
Xinzo de Limia	9.999	36
Quiroga	4.035	39
Maceda	3.162	106
Maside	3.064	80


En troques, provoca un certo conflito situar os asentamentos do Porriño no espazo urbano de Vigo sen máis, porque o seu proceso de asentamento non ten nada que ver coa expansión urbana da maior das cidades do país, senón cun proceso endóxeno, relacionado cunha extraordinaria dispoñibilidade de vivendas sociais (a maior da provincia de Pontevedra e acaso de toda Galiza) e coas oportunidades económicas relacionadas coa expansión industrial da vila do Louro.

Tampouco o conxunto dos dous asentamentos do Carballiño e Maside (separados entre si por menos de cincocentos metros en liña recta) poden considerarse como unha expansión urbana da cidade de Ourense, obedecendo, máis ben, ás peculiares características da presenza xitana nesta provincia meridional.

En conxunto, podemos afirmar que a competencia municipal, territorializada, dificulta a identificación e a abordaxe da problemática do chabolismo, cando non existen mecanismos máis amplos para a xestión do territorio. Porque, aínda que a expansión do fenómeno do chabolismo nas áreas urbanas difusas dos grandes concellos de Galiza non supoña o primeiro problema en magnitude, obriga a concellos de tamaño relativamente reducido a afrontar problemas que exceden a súa capacidade de xestión administrativa e social do problema.

A outra consideración que debemos facer complementa este punto de vista. Observemos que a táboa está dividida en catro sectores: o das cidades; o que chamamos das vilas, aínda que en ocasións sexan concellos limítrofes das cidades con importantes agregados de poboación e sen un núcleo urbano ben definido; o das que chamaremos vilas menores, que coa excepción de Poio e, acaso, Vilanova de Arousa, son verdadeiras vilas, cunha poboación entre dez e vinte mil habitantes; e, por último, os concellos rurais.

A distribución resultante é a seguinte (aparece reflectido, en primeiro lugar, o dato cuantitativo de poboación chabolista e, a continuación, o peso ponderal respecto da problemática total do chabolismo):



Unha lectura atenta desta gráfica, cruzando os datos cos da táboa correspondente, indica que, sendo o mesmo número de concellos, as vilas menores soportan un 3% máis de poboación chabolista que as grandes vilas, con case cen persoas máis no agregado.

Polo que respecta aos concellos de menos de 10.000 habitantes, en moitos casos a problemática estaría aínda máis agravada, de non ser porque adoitan ser poboacións pouco conflitivas e cunhas aceptables relacións de veciñanza respecto do seu contorno. Porén, iso non significa que non exista certo rexeitamento social, sobre todo á hora de permitir unha convivencia nos mesmos espazos residenciais. Así, a tolerancia estaría vinculada cunha segregación non traumática en poboacións xitanas que aínda non completaron o ciclo de urbanización da súa vida e as súas ocupacións.

Con todo, parece evidente que existe unha desproporción entre a dimensión dos problemas e os recursos potenciais do territorio para acometelos. Ademais, semella fundamental dotarse de axencias de apoio, como soporte das políticas municipais, en especial en concellos de pequeno tamaño e cunha poboación chabolista de importantes dimensións.

## **Caracterización conforme ao tamaño dos asentamentos**

No parágrafo anterior consideramos a problemática da correlación entre a dimensión dos concellos e as poboacións chabolistas que albergan. Tamén é pertinente tratar sobre a dimensión dos asentamentos. Porque é moi diferente o nivel de problemáticas dos asentamentos de Vigo, que suman 190 persoas, que o asentamento de Lugo, que reúne 190. No segundo caso, os problemas de convivencia son máis agudos, o rexeitamento social e a difusión dos prexuízos e estereotipos son tamén necesariamente maiores. No entanto, por tratarse dun asentamento de titularidade pública, é máis doado realizar unha planificación centralizada da intervención.

Novamente, volve a ser moi relevante o tamaño do concello no que se sitúan eses asentamentos. Resulta radicalmente diferente a abordaxe das 80 persoas que viven na Fontela en Maside (lembremos, moi próximas ao núcleo urbano do Carballiño) a que das 81 que residen na Penís, en Vigo.

Para facer visible a diferenza entre a dimensión do asentamento e a dimensión do concello no que está rexistrado, mantemos a mesma identidade visual dos grupos de concellos segundo o tamaño que empregamos no apartado anterior. E ordenamos agora a lista de asentamentos conforme ao número de persoas estimadas en cada un deles. A prioridade polo número de persoas antes que polo número de chabolas ou edificacións resulta comprensible se comparamos a importantísima diferenza existente entre as 48 persoas que constitúen 18 familias en Caldeliñas, no concello de Verín, en comparación coas 50 persoas reunidas en sete unidades de convivencia en San Mateo, no concello de Narón. Só hai que pensar que sete familias integran o núcleo do Salgueiro, tamén en Verín, que ten xusto a metade de poboación que o citado asentamento de San Mateo.

#### LOCALIZACIÓN DOS PRINCIPAIS ASENTAMENTOS CHABOLISTAS

Localidade	Denominación	Familias	Persoas
A Coruña	Penamoa	123	524
Poio	O Bao	57	312
A Coruña	O Portiño	72	307
Narón	O Freixeiro	71	248
A Coruña	A Ponte da Pasaxe	54	230
Ames	Castiñeiro de Lobo	20	192
Lugo	O Carqueixo	35	190
Vilagarcía de Arousa	Trabanca Badiña	30	115
Vigo	A Penís	20	81
A Coruña	As Rañas	19	81
Maside	A Fontela	25	80
Vilanova de Arousa	O Cornazo	20	80
Maceda	O Pedroso	17	76
Verín	Campo Grande	21	72
O Porriño	A Relva	20	60
Monforte de Lemos	As Lamas	15	52
Narón	San Mateo (Vilar de Trasanco)	7	50

## LOCALIZACIÓN DOS PRINCIPAIS ASENTAMENTOS CHABOLISTAS

Localidade	Denominación	Familias	Persoas
Verín	Caldeliñas	18	48
Ferrol	Pazos	14	48
Vigo	Naia	15	45
Quiroga	Toucedo	10	39
Xinzo de Limia	Campanillas	10	36
O Porriño	Ribeira	6	35
Ferrol	O Seixo Branco	8	34
Ferrol	As Columnas	7	33
Maceda	O Toural	8	30
Verín	Grupo Monterrei	9	28
Ferrol	Regueira Grande	8	28
Verín	O Salgueiro	7	26
Vigo	O Caramuxo	6	26
O Carballiño	A Pena	6	25
O Porriño	A Mota	5	25
Vigo	As Carneiras	6	22
Culleredo	Nave BBV	5	21
Maín	As Raposeiras	6	20
Ferrol	Taboada	5	20
Vigo	A Salgueira	4	18
Ribeira	A Conlleira - Xaras	3	12
Maín	Moreira	3	12

Empregamos estes exemplos porque se trata de asentamentos moi ben documentados, tanto en número de familias como en número de persoas e en edificacións existentes polos seus respectivos concellos.

Aínda que presentamos, a continuación, un agrupamento entre asentamentos con máis de cen persoas, outro grupo entre 50 e 100, e un terceiro de menos de 50, en realidade, a partir da Penís en Vigo, o primeiro en dimen-

siões dos asentamentos con menos de cen persoas, existe un continuo onde resulta moi difícil establecer un corte significativo.

Para ilustrar esa dificultade, debemos pensar que Trabanca Badiña, en Vilagarcía de Arousa, ten un 50% máis de familias que Penís. A partir de aí, só A Fontela en Maside e Campo Grande en Verín superan as 20 familias, tendo os restantes entre 5 e 20 familias, en orde decrecente, de xeito relativamente compasado coa diminución da poboación.

O último grupo estaría integrado por aqueles asentamentos que, sen chegar ás cinco chabolas que consideramos como limiar crítico para incluílas neste estudo, foron identificadas polos servizos sociais como relevantes. Nos casos de Vigo e O Porriño, existen outras informacións sobre asentamentos que permiten fornecer este dato. No caso de Ribeira, é significativo por estarmos diante dun concello que chegou a albergar unha importante poboación chabolista.

Un último comentario pertinente á listaxe que presentamos a continuación é que dos oito maiores asentamentos chabolistas de Galiza (nos que moran acotío máis de cen persoas), catro están situados fóra das cidades. Dos catro das cidades tres corresponden á cidade da Coruña e o outro a Lugo. E o segundo asentamento máis numeroso corresponde a un concello de menos de 20.000 habitantes: O Bao en Poio.


## **Distribución da poboación segundo o tamaño dos asentamentos**

A anterior táboa de datos, como anunciamos, presenta os asentamentos divididos en catro grupos. Parece clara a distancia que separa aos asentamentos máis grandes, aqueles que teñen máis de cen persoas, do resto. Como indicamos, a liña divisoria dos restantes grupos é bastante arbitraria.

Como quedou dito, A Penís en Vigo e Caldeliñas en Verín, que encabezan respectivamente os asentamentos que teñen menos de 100 persoas e os que teñen menos de 50, teñen case o mesmo número de familias. Menor aínda é a distancia que separa Taboada en Ferrol da Salgueira en Vigo. Porén, a seguinte gráfica pode darnos unha idea aproximada do significado real desta distribución:


O verdadeiramente significativo é que perto de dous terzos da poboación chabolista total da Galiza reside nos oito núcleos chabolistas máis grandes. Os restantes son problemas menores en dimensión, e moito máis difíciles de priorizar, salvo por cuestións de oportunidade técnica ou de decisión política.

En calquera caso, parecería oportuno que as dúas cidades que non teñen asentamentos tan grandes, pero que aínda acollen poboación chabolista (como son Vigo e Ferrol), acometan coa maior brevidade posible os correspondentes plans de erradicación.






# Características dos asentamentos





No capítulo anterior realizamos unha lectura agregada das diferentes localizacións dos principais asentamentos chabolistas de Galiza, facendo referencia a algunhas cuestións que exceden a caracterización individualizada destes que indica a Orde do 21 de xuño de 2006 de subvencións aos concellos, pola que se desenvolve parcialmente o Decreto 266/1989, do 23 de novembro, de desenvolvemento da Lei 5/1989, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza, se establecen as bases e se abre a convocatoria de axudas e subvencións na referida materia para 2006.

No presente capítulo e no seguinte intentaremos unha caracterización máis detallada, agregando os datos obtidos a partir das seccións primeira e segunda das indicacións do anexo da citada orde.



### Titularidade dos terreos onde está situado o asentamento

O primeiro que chama a atención nunha aproximación á titularidade dos terreos é a predominancia dos terreos de titularidade privada ou mixta, sendo os de titularidade pública só un terzo do total:

Un dato tan avultado debería levar emparellada algunha forma de matización deste. Concretamente, resulta moi diferente se os terreos están ocupados, cedidos en precario ou son de propiedade dos seus moradores.

Un breve percorrido polos asentamentos, dá como resultado unha forte propensión á propiedade dos terreos por parte dos ciganos trasmontanos. Tamén entre os xitanos galegos existen fortes tendencias á propiedade cando o asentamento se desenvolve de forma gradual no tempo, e obedece ás prefe-

rencias das familias, tanto na súa localización como nos lazos de convivencia que establecen entre elas.

En cambio, a titularidade pública é moito máis frecuente nos asentamentos segregados que son denominados “campamentos de infravivendas” polo informe ‘A comunidade xitana en Galicia 1990-2000’<sup>13</sup>. Segundo o citado informe, existen evidencias empíricas de que o nivel de tensión e o de rexeitamento é maior para esta tipoloxía de vivenda que para as restantes, incluídas as chabolas.

Daquela, resulta importante comprobar en que medida son de titularidade pública os oito asentamentos de maior dimensión do país, a saber:

Como podemos apreciar, hai dous asentamentos de titularidade pública, tres de titularidade privada e dous de titularidade mixta. Deses, en Penamoa parece prevalecer a titularidade pública (ou mellor, a acción pública na orixe do asentamento) e na Ponte da Pasaxe prevalece a titularidade privada.

No caso da titularidade privada, existe propiedade dos afectados polo menos no Bao en Poio, no Castiñeiro do Lobo en Ames, e en Trabanca Badiña en Vilagarcía. No caso de Narón a titularidade é de Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol e existe unha cesión en precario, probada documentalmente, por parte da institución ás familias que integraban inicialmente o asentamento.

Localidade	Denominación	Titularidade	
		Pública	Privada
A Coruña	Penamoa	Pública	Privada
Poio	O Bao		Privada
A Coruña	O Portiño	Pública	
Narón	O Freixeiro		Privada
A Coruña	A Ponte da Pasaxe	Pública	Privada
Ames	Castiñeiro de Lobo		Privada
Lugo	O Carqueixo	Pública	
Vilagarcía de Arousa	Trabanca Badiña		Privada

## Nivel de urbanización: rede de servizos

O nivel de urbanización declarado para o conxunto dos asentamentos é bastante elevado. Polo que respecta á luz eléctrica, é o patrón de urbanización máis frecuente, declarado para o 90% dos asentamentos. Este dato non significa que existan contadores, nin sequera, en certos casos, unha conexión legal coa rede eléctrica. Seguen a ser frecuentes os ‘enganches’ á rede en

<sup>13</sup> Cf. Pâx. 54-61.

condicións de seguridade moi precarias. Tamén nestas cuestión sería necesario ir perfilando a calidade dos datos dispoñibles, para verificar que o nivel de urbanización é real, e non impostado.

Máis clara parece a relación entre a presenza da traída de auga e a dispoñibilidade desta para as chabolas. Cando non hai acometida de auga directa, os informantes declaran que existen fontes públicas que permiten o abastecemento. Aínda que a cobertura é menor que a da rede eléctrica, aproxímase moito (só 3 puntos porcentuais de diferenza, cunha porcentaxe do 87%).

Ora ben, tampouco aquí ten o mesmo significado o feito de contar con acometida de auga en cada chabola, con ou sen contador individual de consumo, que carecer del. O contador é un elemento de educación na responsabilidade e na cidadanía compartida. A acometida individual fai máis similares as condicións de urbanización ás da maioría da poboación e a súa ausencia sitúa en precario o acceso á auga potable.


Podemos retrucar que segue habendo unha boa parte de vivendas no medio rural (incluídas unhas porcentuais non desprezables de vivendas de concellos de vilas e cidades) que carecen de traída. A diferenza aquí radica en que, as máis das veces, existe unha traída veciñal (comunal) ou, de xeito máis frecuente, un pozo de uso familiar, cousa que non se produce nos asentamentos chabolistas.

Pola súa banda, o acceso á rede de comunicación implica, as máis das veces, a existencia de pistas asfaltadas que conducen aos domicilios. Neste caso é moito máis equiparable á do conxunto da poboación rural e rururbana do conxunto do país, chegado a un 82% dos asentamentos a rede de comunicación. Ora ben, iso significa que case un de cada cinco están aínda en terreos de difícil acceso.

Por último, a conexión ás redes de saneamento está presente en case o sesenta por cento dos asentamentos. Este dato supón, de facto, unha confirmación do nivel real de urbanización. E, aínda sendo o máis baixo nesta epígrafe, indica que tres de cada cinco asentamentos están conectados ao saneamento.

En termos xerais, podemos afirmar que unha parte da intervención realizada coas políticas municipais no ámbito do chabolismo están relacionadas

con elevar o nivel de urbanización dos asentamentos chabolistas. Isto non ten por que obedecer a unha política pensada desde as necesidades deses lugares de residencia, senón coa urbanización difusa do conxunto do territorio galego e polos esforzos das administracións locais de dotar de certo grao de urbanización as diferentes localizacións de vivendas e mesmo infravivendas (rurais e urbanas).



### Nivel de servizos públicos


Como no caso da urbanización, tamén existe unha importante dotación de servizos públicos nos asentamentos. Só que neste caso xa non estamos a falar de servizos xenéricos, que se poidan compartir co resto da poboación, senón que pretendemos identificar dotacións de carácter público pensadas especificamente para as comunidades chabolistas.

Daquela, tampouco debe estrañarnos que os niveis, en xeral, presenten unha certa diminución en relación cos relacionados no apartado do nivel de urbanización. Con todo, chama a atención o feito de que case catro de cada cinco asentamentos teñan acceso á recollida de lixo.

A recollida de residuos é accesible para case o 80% dos asentamentos. Este dato fala da posibilidade de achegarse cun camiión de considerables dimensións a estes asentamentos, o que confirma a súa accesibilidade. Reforza a existencia dunha certa urbanización no contorno da maioría dos asentamentos.

Con todo, non debemos pensar que existe unha recollida sistemática dos residuos no interior do asentamento. En moitas ocasións, aínda que non se perciba como un perigo, existe unha importante acumulación de residuos sólidos urbanos e mesmo residuos industriais nas inmediacións das chabolas e no contorno dos asentamentos.

Tamén a iluminación é un dato que fala da preocupación da maioría dos concellos pola situación básica dos asentamentos chabolistas. A iluminación



pública é unha das demandas máis estendidas no movemento veciñal do país, e tamén é accesible a case catro de cada cinco asentamentos.

Caso diferente é o do transporte público. A pesar de que algo máis da metade dos informantes refiren a existencia de acceso ao transporte público, debemos referir a disparidade absoluta dese concepto. Pensemos que nas cidades onde existe unha concesionaria pública de transporte, só podemos dar por cuberto este servizo cando hai unha parada nas inmediacións do núcleo chabolista. Por contra, nos concellos rurais, onde as coberturas do transporte público son moi escasas,

un informante pode dar por satisfeito este servizo aínda que sexa preciso camiñar a pé mesmo varios quilómetros, porque así está establecido para o estándar de vida e de convivencia do conxunto da poboación do contorno.

No caso do teléfono público, tiña moita relevancia no tempo en que foi promulgada a Lei de erradicación. Na actualidade, porén, a posibilidade de acceder ao teléfono móbil está xeneralizada, grazas á posibilidade de recibir chamadas mantendo un saldo moi baixo e realizando un gasto escaso. Ademais, non precisa instalación. Esas características da telefonía móbil facilitan que tanto a poboación chabolista como outros colectivos en risco de exclusión cambien os seus hábitos de comunicación na última década, facendo cada vez menos relevante a información relativa á telefonía fixa de carácter público.

### Nivel de equipamentos

Pero o que máis chama a atención do conxunto das características dos asentamentos é o feito de que teñan un nivel tan elevado de equipamentos como o que reflectimos a continuación.

Pero debemos ser conscientes de que aquí se radicaliza o efecto que xa anunciabamos respecto do transporte público: os niveis de accesibilidade a estes equipamentos son avaliados polos/as profesionais dos servizos sociais

conforme aos patróns de vida habituais do resto dos veciños.

Resulta, así, moito máis doado comprender como poden figurar os centros de saúde como equipamentos dos asentamentos chabolistas. Aínda que a orde non o especifica, trátase de reflectir a accesibilidade destes equipamentos para a poboación afectada.


Aínda que non podemos falar dunha cobertura universal, tanto os centros de saúde como os centros escolares resultan accesibles para o 92% dos asentamentos. Tamén existe unha accesibilidade moi grande aos centros de servizos sociais e ás farmacias, cunha porcentaxe do 90%.

En moito menor medida parecen accesibles os centros de servizos sociais ou os centros de servizos relixiosos. Non obstante, a difusión do culto evanxélico (sobre todo da Igrexa Evanxélica Pentecostal de Filadelfia) entre as poboacións xitanas de Galiza, nomeadamente por influxo do colectivo de xitanos zamoranos, fai que moitos habitantes dos asentamentos chabolistas intenten que os servizos relixiosos lles resulten accesibles. Lembremos que a confesión evanxélica constituíu, sobre todo durante os anos noventa, a estratexia cultural máis acaída e eficaz na contención do consumo de drogas entre a poboación xitana.


Tocante aos centros culturais, debemos afirmar que o problema da accesibilidade non se sitúa tanto no plano da accesibilidade física ou xeográfica como da accesibilidade social: a ausencia de vinculación co resto da poboación dificulta ese acceso. A presenza de vinculación, aínda que esta comece en cursos ou recursos xerados desde os servizos sociais, facilita o acceso.

## Nivel de salubridade

De todo o relatado con anterioridade pode deducirse con facilidade que os niveis de salubridade nos asentamentos melloraron. Así, o retrato habitual dos asentamentos chabolistas, que aparece con frecuencia no imaxinario popular e tamén na comunicación pública sobre o problema non constitúe hoxe







a única caracterización posible dos asentamentos chabolistas.

Porén, a situación dista moito de ser adecuada. Un de cada dez asentamentos ten nas súas proximidades algún vertedoiro urbano. Esta é unha situación extrema, nun momento en que ese tipo de instalacións debe estar desaparecendo. Lonxe diso, aínda durante a última década existiron iniciativas para situar novos asentamentos, que agrupasen outros máis pequenos, nas inmediacións dos vertedoiros.

Ademais, a degradación aínda segue a afectar a un de cada dous asentamentos. E, concretamente, se atendemos aos oito maiores, a degradación está presente polo menos en seis deles.

Esta reflexión non debe levar a considerar que a degradación diminúe co tamaño dos asentamentos. Está presente, dun xeito moi aleatorio, desde os máis grandes aos máis pequenos.

Así as cousas, debemos afirmar que, a pesar das melloras no contorno, os niveis de salubridade están aínda moi lonxe do que podemos considerar adecuado nun país como o noso.

Por outra banda, cómpre salientar que a degradación ten un efecto dobremente negativo sobre a autopercepción: á residencia na chabola súmase-lle a degradación ambiental, dificultando calquera percorrido social diferente dos que xa existen no propio contorno. A exclusión social queda dobremente reforzada polo lugar de residencia e polo contorno deste, que crea rexeitamento social e solidifica os estereotipos negativos, no caso das comunidades xitanas, que, como teremos ocasión de salientar, son abrumadoramente maioritarias entre a poboación chabolista de Galiza.

## Nivel de perigosidade


O reforzamento da exclusión polo lugar de residencia, que parecía mitigarse nas primeiras seccións do presente capítulo, vaixe ver reforzado tamén na consideración do nivel de perigosidade.

Unha de cada tres localizacións dos asentamentos chabolistas sofren perigo de inundación. Este perigo, que ata agora non causou ningunha catástrofe, continúa sendo un perigo real para unha parte significativa da poboación chabolista. E, por moi remota que resulte a posibilidade de inundación, hai que considerar que a ausencia de cimentación de moitas das edificacións que constitúen os asentamentos incrementan os perigos.

Por outra banda, frecuentemente o barro e a humidade castigan a saúde e o aspecto físico dos/as moradores/as das chabolas.


O outro aspecto relacionado coa perigosidade dos asentamentos procede da presenza de tránsito ferroviario ou de estradas de circulación rápida nas proximidades. A outra cara da moeda da facilidade de acceso a moitas das localizacións chabolistas é a perigosidade por tráfico que presentan un 41% delas. A importante porcentaxe de nenos e nenas nos asentamentos chabolistas e a vida ceibe que caracteriza á súa crianza incrementan aínda máis a posibilidade de accidentes. E, malia ser menos frecuentes do que se podería esperar por este nivel de perigosidade, non podemos ocultar que de cando en vez esta proximidade provoca vítimas graves ou mortais.

Así, non sería exacto describir o conxunto dos asentamentos chabolistas como lugares particularmente perigosos polo seu contorno e as probabilidades de accidente ou inundación, pero tampouco é desprezable a incidencia de perigos, moi por riba do que se supón que sofre o conxunto da poboación do país.



# Características da poboación afectada





## Número de familias/persoas do asentamento

Como tivemos ocasión de sinalar ao falar da caracterización xeral dos principais núcleos chabolistas, o número de familias non coincide, en moitos casos, co número de chabolas.

O motivo desa falta de concordancia é a práctica habitual de que a muller casada pase a vivir co seu marido na casa do seu sogro, mentres non habilitan unha nova chabola. Esta pode ser inicialmente un anexo á vivenda principal, o que dificulta o cómputo do número de edificacións. Con posterioridade, cando existe dispoñibilidade de espazo e medios económicos, érguese unha nova chabola.

A media de chabolas por asentamento dános unha caracterización moi precisa das problemáticas sociais e urbanísticas que poden afectar aos asentamentos:

Provincia	Media de Chabolas
A Coruña	26,57
Lugo	21,33
Ourense	14,12
Pontevedra	13,62
<b>Total</b>	<b>19,28</b>

En xeral, os asentamentos máis grandes, e, como teremos ocasión de comentar, con maior acumulación de problemas, están situados na provincia da Coruña. Pola contra, os máis pequenos e menos conflictivos están na provincia de Ourense. No entanto, a menor dimensión media atopá-mola na provincia de Pontevedra, na que, ao lado de asentamentos de certa dimensión, estamos a contabilizar outros realmente pequenos (mesmo

inferiores en tamaño á definición inicial coa que traballamos), en Marín, O Porriño e Vigo.

Tamén chama a atención a dimensión media dos asentamentos de Lugo, significativamente maior que os de Ourense, aínda que menores en número.

Os núcleos chabolistas en Galiza son, polo xeral, de pequeno tamaño, alternando un número importante de localizacións con moi poucas chabolas e outras cunha forte concentración de infravivendas.

## Antigüidade do asentamento

De toda a investigación sobre os principais núcleos chabolistas de Galiza, do que menos datos temos é da súa antigüidade.

En xeral, parece que esta falta de información deriva de que os núcleos chabolistas de certa magnitude teñen a súa orixe nunha falta de control sobre as súas localizacións. Esa falta de control vai unida a que moitas veces os asentamentos son inicialmente pequenos, pero van incrementando a súa dimensión tanto polo crecemento demográfico como, de xeito menos frecuente, pola atracción de novas familias<sup>14</sup>.

Outro motivo habitual da falta de información é a antigüidade dalgúns asentamentos: os/as profesionais que atenden os servizos na actualidade comezaron a súa actividade con posterioridade á orixe do asentamento. A mediana da mostra é 1980 e a media xeométrica dá como resultado 1983. Será con posterioridade cando se desenvolvan os servizos sociais en Galiza, especialmente grazas ao Plan Concertado. E case unha década máis tarde, as diferentes administracións locais comezarán a rexistrar esta información con vistas ao Plan de Erradicación do Chabolismo, publicada a actual lei e o decreto.


Se o ano de orixe do asentamento é un dato do que non dispoñemos en moitas ocasións, do número de chabolas a información é aínda menos relevante. Temos só seis rexistros considerados fiables polos/as informadores/as. O único relevante entre eles son as 40 chabolas das que constaba inicialmente o poboado de Nazaré, no Carqueixo, en Lugo. Ese dato permite avaliar a súa evolución posterior. En xeral, a provincia de Lugo dispón de información histórica de calidade. Tamén existe esa información para algunhas localidades da provincia de Pontevedra (nomeadamente O Porriño) e certos asentamentos máis recentes das restantes provincias.

<sup>14</sup> Cf. A.S.P. Chavós, *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, Xunta de Galicia, 2003.

## Situación actual do asentamento

### *Evolución da poboación no asentamento*

Situación actual	Nº asentamentos
Sen datos	4
Mantense	6
Aumenta	22
Diminúe	5



Como podemos apreciar, a poboación na maioría dos asentamentos tende a incrementarse. Este dato segue a falar da importancia do movemento natural da poboación, especialmente dos factores puramente demográficos, como principal elemento de caracterización da situación. Preto do 60% do total dos asentamentos están a incrementar o seu número de residentes. Non chega ao 15% o número de asentamentos que diminúen en número de persoas.

Daquela, cando interpretemos os datos sobre políticas activas, debemos entender que se trata de políticas de intervención no contorno, ou ben de melloras sociais nalgúns dos indicadores de benestar/malestar dos habitantes destes enclaves. En troques, a intervención para a erradicación do chabolismo e da infravivenda debe ser considerada como minoritaria.

### *Evolución do número de chabolas no asentamento*

Seña de esperar que o número de chabolas tivese unha evolución similar á do número de persoas. A diferenza, xa comentada, é que as limitacións de espazo e de capacidade económica contribúen a moderar o incremento do número de edificacións, máis que o número de novas familias ou de membros destas. Un total de oito asentamentos, dos 22 en que a poboación aumenta, mantén o seu número de chabolas. Mesmo hai un lugar onde o número de edificacións diminúe e o de persoas aumenta.

É de esperar que sexan estes asentamentos os que teñen unha maior presión subxectivamente sentida de modificación da situación actual. Non obstante, carecemos de elementos de contraste sobre a necesidade percibida de cambio de situación.

Porén, algúns datos son salientables neste apartado. Acaso o máis significativo é a situación do Carqueixo en Lugo e de Pazos en Ferrol, onde a poboación diminúe pero o número de chabolas permanece igual. Esta situación só é posible mediante unha intervención tendente á dotación de alternativas residenciais para o conxunto da poboación xitana, e nomeadamente para a poboación chabolista do asentamento.

#### *Existencia de políticas activas de intervención*

Por último, a existencia de políticas de intervención é un indicador da vontade expresa de modificar a actual situación. Esas políticas poden ser de moi diferente cariz, desde as que afectan á decisión final do realoxamento ata as que manteñen accións paliativas de redución do dano.

De calquera xeito, constitúen un indicador da disposición a establecer cambios e a sostelos no tempo.

Como podemos apreciar, case dous terzos dos asentamentos reciben algún tipo de atención por parte dos poderes públicos. Con todo, aínda sobe dun terzo o número de asentamentos que non se ve favorecido por ningún tipo de acción positiva. Se temos en conta que a realización de políticas non equivale necesariamente a unha acción decidida en prol da erradicación, é doado comprender que este dato apunta claramente a unha debilidade na decisión de abordar o benestar integral dos cidadáns, comezando polas políticas de vivenda.

Tamén cómpre comentar que, nalgún caso, as intervencións realizadas nos asentamentos chabolistas dependen de organizacións sociais, tendo unha moi débil relación coas políticas públicas, cando non importantes enfrontamentos a causa da definición dos problemas e das súas posibles solucións.






## Procedencia das familias

Como quedou indicado na introdución, a orixe da poboación chabolista e a súa identificación étnica teñen relevancia para a definición do problema e para a posta en marcha de posibles solucións:

- Para a identificación do problema, porque a omisión dos ciganos trasmontanos no informe sobre a comunidade xitana en Galiza, pode facer pensar que o problema ten unha dimensión cuantitativa menor á real.



- Para a abordaxe das solucións, porque non é posible modificar, sen máis, as situacións de vivenda. Cómpre ter un planeamento integral sobre a abordaxe das diferentes facianas que afectan á inclusión social e ao benestar da poboación. É necesario poder mobilizar as persoas para que sexan partícipes das solucións e protagonistas dos procesos de cambio, de modificación da súa situación e de normalización dela.

Esta é a distribución dos diferentes grupos humanos, conforme ao número de asentamentos en que están presentes:

- Os xitanos casteláns teñen un asentamento exclusivo, en Culleredo, e catro compartidos, en Quiroga, Maceda e Verín. Nestes últimos existen lazos familiares entre as familias de xitanos galegos e casteláns.

- Os xitanos galegos teñen un total de dez asentamentos exclusivos, pero ata trece compartidos. Conviven con xitanos casteláns, con ciganos trasmontanos e con non xitanos.

- Os ciganos trasmontanos teñen un total de 9 asentamentos exclusivos, sendo o colectivo que menos preferencia mostra polas agrupacións de diversa procedencia. Os restantes seis asentamentos son compartidos.

- Os non xitanos aparecen sempre en asentamentos mixtos, as máis das veces pola convivencia familiar entre estes e xitanos galegos. Pero tamén aparecen formando unidades familiares diferenciadas en asentamentos moi

relevantes. Acaso o exemplo máis coñecido desta situación sexa a do barrio do Portiño na Coruña, caracterizado por unha aceptable situación de convivencia (en especial se o comparamos con outro asentamento cun importante factor de pluralismo como é Penamoa, tamén na Coruña).

## Nivel de saúde dos habitantes


Para unha mellor comprensión do nivel de saúde nos asentamentos cha-bolistas, convén dividir os datos en dous grupos: o nivel de presenza de determinadas doenzas ou problemas de saúde, que constitúe un indicador fundamental para coñecer o posible diferencial co conxunto da poboación, desde o punto de vista epidemiolóxico, e o nivel de atención sanitaria, que indica as diferenzas existentes no coidado da saúde.

### *Atención sanitaria*

A universalización da atención sanitaria pública, hai xa vinte anos, supuxo unha importante mellora na esperanza de vida e nas expectativas de atención dos colectivos en situación de pobreza económica e, sobre todo, das persoas que sofren a exclusión social. No caso da poboación xitana en xeral, esta universalización significou unha importante mellora da esperanza de vida, e a posibilidade de atallar doenzas infectocontaxiosas que resultaban imposibles de tratar sen acceso aos medios sanitarios comúns.

Non obstante, como tivemos ocasión de mostrar en diferentes foros, no panel de expertos sobre comunidade xitana e saúde e como demostrará a investigación estatal sobre comunidade xitana e saúde, existen aínda importantes deficiencias no acceso da poboación xitana ao Sistema Público de Saúde. Non se trata, como comentamos facendo referencia aos equipamentos culturais, de falta de accesibilidade física, senón social e cultural.

Estes problemas explican os datos que reflectimos a continuación, onde un terzo das mulleres non empregan os servizos de planificación familiar en



ningunha das súas acepcións, o que explica o importante diferencial de natalidade da poboación chabolista respecto á poboación xeral (mesmo na comparación das familias xitanas que teñen acceso a vivendas normalizadas).

Máis preocupante aínda resulta ese 30% de mulleres que non utilizan os servizos de obstetricia, co conseguinte perigo para a súa saúde, a da súa parella e a da súa prole. Se a planificación familiar pode vir mediada por elementos culturais (que serán temperados coa normalización das condicións de vida), os tabús relacionados coa sexualidade teñen un importante peso na vivencia da atención das condicións básicas da saúde reprodutiva. E, a pesar dunha representación algo maior desta, os ricos derivados desa falta de atención teñen unha relevancia sanitaria aínda maior.

En troques, a atención pediátrica supera en case vinte puntos porcentuais á obstetricia. Este dato seña un indicativo da progresiva vinculación dos menores e as súas nais aos sistemas de saúde de atención primaria. Sen estar totalmente xeneralizados, podemos aventurar que só nos casos de maior illamento xeográfico ou de exclusión social máis severa (que, por outra banda, abunda nos asentamentos máis degradados) non existe unha adecuada atención á saúde infantil.

Daquela, queda perfilada unha situación de progresiva normalización da atención primaria, comezando pola vinculación dos menores cos servizos de saúde a través da atención pediátrica; pero esta situación debe ser matizada por unha relativamente baixa atención aos aspectos máis básicos da saúde reprodutiva e pola relevancia dese terzo de asentamentos nos que as mulleres non teñen acceso á planificación familiar, por falta de información e, sobre todo, polo control masculino e os aspectos culturais relativos á fertilidade.

### *Presenza de problemas de saúde*


Esa normalización matizada no uso do sistema público de saúde e no coidado do benestar básico tradúcese na aparición e desenvolvemento de importantes problemas sanitarios. A pesar de que as imaxes estereotipadas dos asentamentos chabolistas fan predicir unha presenza moito maior da real para algunhas problemáticas, como o consumo de drogas, iso non implica que non existan problemas preocupantes como as enfermidades crónicas. Vexámolo de xeito desagregado:

Como dicimos, á cabeza das doenzas están as enfermidades crónicas, que afectan a persoas dun 61,5% dos asentamentos. É bastante normal este valor se o relacionamos co correspondente á salubridade e ao risco de inundación nos asentamentos. Porén, non o sería tanto, de comparalo coa poboación de idades similares ás dos asentamentos chabolistas. É precisamente ese diferente comportamento diante das doenzas crónicas o indicador máis claro de que existe aínda un longo camiño que percorrer para a normalización sanitaria desta poboación, e a elevadísima probabilidade, case a certeza, de que esa normalización non vai chegar mentres non se produza a normalización residencial da poboación chabolista.

O segundo problema en orde de importancia son as enfermidades mentais, seguidas moi a rente polo consumo de drogas. Non debe estrañar que as enfermidades mentais estean presentes alí onde o grao de endogamia é superior ao conxunto da poboación, onde máis xeneralizado está o consumo de drogas e onde o coidado da saúde é menor. Non resulta casual a progresiva inclusión dos problemas relacionados coas dependencias e as adicións no eido da saúde mental. Pero tampouco debe resultar sorprendente desde o punto de vista da antropoloxía médica a aparición de problemas de saúde mental en contornos en que a persoa tende a percibirse de forma continuada como diferente e como inferior ao resto da poboación.

Cómpre salientar que o consumo de drogas, presente en algo máis de catro de cada dez asentamentos (41%), está ausente, no entanto, en case seis de cada dez (59%). Este dato confirma, efectivamente, o consumo de substancias ilegais nun número moi relevante de asentamentos, pero desmente que sexa na maioría dos asentamentos chabolistas onde prevalecen estas prácticas.

Novamente volve a ser relevante preguntarse por este mesmo comportamento nos asentamentos máis grandes. E novamente chama a atención a ausencia de prácticas de risco en tres deses oito asentamentos. Como dato adicional e ilustrativo, se ampliamos a listaxe a dez, serían cinco os que pre-



sentarían consumos de drogas e cinco nos que estes comportamentos estarían ausentes. Daquela, tocante ao consumo de drogas, cada problema debe ser tratado no seu propio contexto, sendo as xeneralizacións moi perigosas. Non é esta a única condición que dificulta a erradicación do chabolismo. Feita esta afirmación, convén matizar que cando os consumos están relacionados coa venda de drogas, problemática que referiremos con posterioridade, as dificultades increméntanse de xeito exponencial.

Por iso tamén resulta normal, ata un certo punto, que sexa tan elevada a presenza de doenzas de carácter infectocontaxioso, como podería ser a hepatite ou a SIDA, só tres puntos por debaixo das problemáticas de consumo. É moi probable que a ausencia de programas de educación para a saúde e de redución do dano nos primeiros anos de extensión do consumo (e o tráfico) da heroína teñan moita relación con esta situación. De facto, datos aínda por confirmar, apuntarían a unha presenza da SIDA por riba do 30% da poboación de certos asentamentos, similar ás que se producen nas poboacións máis infectadas do mundo. Enténdase que a presenza de enfermidades infectocontaxiosas no 38,5% dos asentamentos non implica que esta sexa a prevalencia da enfermidade neles.

Daquela, aínda que o escenario debuxado está moi distante dos tópicos sobre a calamitosa situación de saúde nos asentamentos chabolistas, nomeadamente no tocante á xeneralización do consumo de drogas, porén os datos presentan un panorama preocupante, que debe ser atendido en todas as súas dimensións, individuais e comunitarias.

## **Nivel cultural e de formación da comunidade**

Como é de esperar, o nivel formativo e cultural nos asentamentos chabolistas é moi baixo. Non obstante, tamén aquí a realidade dista do tópico tanto como está afastada dos padróns que considerariamos normais, mesmo entre as poboacións vulnerables.

Por non introducir un concepto puramente etnocéntrico, deberíamos indicar que cando falamos de nivel formativo e cultural estamos a referirnos ao nivel de instrución académica regulada. Pero, avanzando aínda máis na precisión, tamén debemos indicar que existen fortes procesos de aculturación


que afectan ás poboacións chabolistas, ante a perda das bases materiais da súa cultura tradicional e as dificultades de recrear unha identidade cultural no novo contexto tecnolóxico e socioeconómico.

Con esta indicación estamos afirmando que dentro das propias comunidades xitanas existen maiores desenvolvementos culturais xitanos fóra dos asentamentos chabolistas que dentro deles.

Como no conxunto da poboación xitana, o analfabetismo debemos supoñer que é alto nos segmentos de poboación con maior idade, e que diminúe conforme nos achegamos ás nenas e nenos que na actualidade teñen entre seis e doce anos. Por iso resulta moi significativo o esforzo das administracións públicas, das entidades sociais e das propias familias por acceder á alfabetización básica por parte das persoas adultas: un 56,4% dos asentamentos teñen medidas encamiñadas á alfabetización das persoas adultas, o que mostra un certo interese por aprender e por dar oportunidades educativas; pero, sobre todo, mostra a eficacia do sistema de rendas mínimas (RISGA, para o caso galego) para introducir comportamentos proactivos en poboacións que sofren unha forte exclusión social.

Menor é a presenza de cursos de formación ocupacional (dez puntos porcentuais por debaixo), que pode deberse á maior esixencia desta, e aos requirimentos previos para garantir as aprendizaxes para o novo contexto produtivo.

O relativo interese das persoas adultas pola aprendizaxe contrasta co importante absentismo escolar referido polos profesionais. En realidade, este dato é difícil interpretación, porque se houbo case un 40% de asentamentos nos que non existe o absentismo escolar, a situación académica da poboación chabolista infantil sería relativamente mellor cá do resto da poboación xitana. De facto, a tendencia ao control dos asentamentos mediante as medidas de obrigado cumprimento para a renovación da RISGA ten un efecto positivo na escolarización, como demostran os datos de escolarización infantil, que melloran, efectivamente, o do conxunto da poboación xitana, non só de Galiza, senón mesmo a do



conxunto do Estado. E, ademais, achéganse moi significativamente á ratio de escolarización infantil do conxunto da poboación galega.

Daquela, cando atopamos absentismo escolar en seis de cada dez asentamentos, debemos pensar nun absentismo escolar grave, que conduce á desescolarización prematura, dificultando enormemente a conclusión da escolarización obrigatoria (ESO). Carecemos do dato de escolarización secundaria da poboación dos asentamentos, pero é moi probable que estea significativamente por debaixo da do conxunto da poboación xitana de Galiza, en relación inversa ao que acontecía coa escolarización infantil.

Así as cousas, obsérvase un proceso de progresiva elevación dos niveis de instrución básica. Pero ese progreso na instrución non é suficiente para que non continúe incrementándose o diferencial respecto do conxunto da poboación do país. Por outra banda, tampouco é un progreso suficientemente consolidado: só en certos ámbitos, sobre todo na Galiza interior, existen oportunidades de formación que se traducen en oportunidades de emprego, aínda que este sexa emprego protexido e promovido directamente desde a Administración pública local. Este proceso resulta crítico porque consolidaría a percepción da utilidade da formación, e a oportunidade para a inclusión no actual sistema produtivo. Esa é precisamente a análise que propoñemos a continuación.

## **Nivel económico**

Os ingresos económicos non constitúen a única medida do nivel de inclusión social dunha persoa, dunha familia ou dun colectivo. Un nivel de renda relativamente baixo é compatible cunha adecuada participación social e con oportunidades vitais en contextos favorables. E, por veces, un maior nivel de renda pode resultar menos favorecedor para as persoas cando o contexto resulta hostil. Esta é unha primeira consideración que cómpre realizar para comezar a desmontar a idea dun importante nivel económico, nomeadamente nos asentamentos máis coñecidos.

Por outra banda, un achegamento ás ocupacións da poboación chabolista e á composición básica das súas fontes de ingresos tal como son percibidas polos informantes ofrece un panorama de economía precaria, dependente e


pouco estruturada, na que o único fío condutor é a pretensión de conseguir ingresos suficientes como para manterse na situación actual. Unha reflexión máis atenta pon de relevo unha estrutura ocupacional obsoleta, cunha produtividade extremadamente baixa e con graves dificultades para modernizarse e facerse competitiva.

### *Principais ocupacións*

As feiras e festas, a venda ambulante, a chatarra e o marisqueo parecen ser as principais ocupacións produtivas dos poboadores dos asentamentos chabolistas. Pero a súa distribución é moi dispar: en tres de cada cinco lugares recóllese e véndese chatarra, case na metade realízase actividades de venda ambulante, un de cada cinco ten atraccións de feira e en menos dun 8% das localizacións practícase o marisqueo, as máis das veces en condicións irregulares.

En comparación cos achados do informe *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, o chatarreo ten unha maior presenza na actualidade, cun incremento de máis de 20 puntos porcentuais. As causas desta situación debemos procuralas no incremento do prezo da chatarra e dos seus rendementos. En troques, a venda ambulante permanece estable en relación co período anterior. Ora ben, se consideramos que a venda ambulante pasara de ser a segunda actividade máis común a ser a primeira durante o período 1983-2000, gañando vinte e dous puntos porcentuais, mentres a chatarra cedía o primeiro posto e perdía máis de dezaoitto puntos, é moito máis doada de explicar esa relativa estabilidade da venda ambulante.


Un dos resultados máis evidentes da distribución das ocupacións, e que existe unha variedade de ocupacións convivindo en cada asentamento, e esa variedade é reproducida no interior de cada familia e mesmo no itinerario ocupacional de cada individuo. Algunhas familias, como as ciganas trasmontanas, teñen ocupacións estacionais: chatarra e venda ambulante desde outono á primavera, son feirantes no verán, fan as vendimas no outono e retornan ás ocupacións invernaís.





Esa evidencia apunta a que, lonxe de calquera especialización, de calquera idea de competitividade ou de produtividade, os asentamentos chabolistas manteñen unha economía oportunista centrada no agregado de ingresos de que dispón en cada momento a unidade de convivencia e mesmo o conxunto da familia extensa.

Se temos en conta, ademais, que a presenza de actividades ilegais, de delincuencia ou de venda de drogas é moito máis baixa do esperado, como teremos ocasión de mostrar, debe prevalecer a imaxe de precariedade económica sobre calquera outro tipo de suposición infundada respecto da base económica dos asentamentos chabolistas.



### *Fontes de ingresos*

Para reforzar esa idea de precariedade, as fontes de ingresos completan unha panorámica de dependencia. De facto, a pesar de que a mendicidade está a piques de desaparecer (só aparece documentada en San Mateo de Narón e no Carqueixo de Lugo)<sup>15</sup>, a falta de autonomía e de solvencia económica como unha certeza cando as prestacións sociais son referidas como unha fonte de ingresos fundamental en algo máis de catro de cada cinco asentamentos, mentres que os ingresos por traballo só son relevantes en menos da metade (46,15%).

Se a análise das ocupacións falaba da precariedade ocupacional das poboacións chabolistas, a consideración das fontes de ingresos debuxa unha situación de clara dependencia. Aínda que non se recolleron datos desagregados entre PNC e RISGA, podemos aventurar a xeneralización desta segunda fonte de ingresos fronte á primeira.

As principais razóns que levan a percibir unha renda de inserción social que debería ser incompatible con outros ingresos é o carácter inestable, informal e insuficiente das rendas procedentes do traballo. Moitas familias que subsisten grazas ás prestacións públicas entrañan en graves dificultades e incrementarían a conflictividade social sen a percepción da RISGA.

<sup>15</sup> No conxunto dos diferentes asentamentos chabolistas de Galiza non atopamos unha situación salientable de traballo infantil.

### *Integración no mercado de traballo*

Outra cuestión que chama a atención é a forte presenza do traballo por conta allea nos asentamentos: nun de cada cinco asentamentos chabolistas existe traballo asalariado. E, o que resulta aínda máis curioso, na mesma porcentaxe atopamos tamén persoas ocupadas en medidas especiais de promoción do emprego, financiadas polos concellos, pola Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo.


É preciso facer dúas importantes matizacións a esta situación:

■ En primeiro lugar, debemos ser conscientes de que a presenza deste tipo de ocupacións nun asentamento non significa que sexa a opción laboral prioritaria da súa poboación activa. O desemprego (calculado nun 61% para o conxunto da comunidade xitana en Galiza<sup>16</sup>) e o subemprego caracterizan mellor a economía dos asentamentos, xa que os ingresos por traballo non eran relevantes en máis da metade dos poboados chabolistas.

■ En segundo lugar, o traballo asalariado está algo máis presente nos habitantes das infravivendas que entre o conxunto da poboación xitana en xeral, acaso porque o autoemprego viña sendo tradicionalmente considerado como un signo cultural de estatus e de liberdade. En ningún caso a ocupación por conta allea debería superar o 10%<sup>17</sup>.

O traballo por conta allea está presente nas seguintes localidades: A Coruña, Monforte de Lemos, Quiroga, O Carballiño, Maside, Verín e Vilagarcía de Arousa e tanto en cidades como en vilas, na costa como no interior.

Outra cuestión digna de ser referida nesta consideración é que a existencia de persoas ocupadas en programas de promoción do emprego supón unha política social e económica moi activa a nivel municipal respecto da poboación do



<sup>16</sup> Cf. *La comunidad gitana en Galicia 1990-2000*, páx. 92.

<sup>17</sup> Ídem, páx. 94. En todo caso, nas localidades onde se realiza o programa Acceder, eses datos porcentuais non pararon de crecer de forma significativa desde o ano 2003.

asentamento. A súa localización está nos concellos de Narón, Monforte de Lemos, Quiroga, Maceda, Maside, Poio e Vilagarcía de Arousa. Daquela, debemos considerar os casos de Monforte, Quiroga e Vilagarcía de Arousa como froito dunha estratexia en que se reforza mutuamente a promoción do emprego co acceso ao emprego por conta allea. Parecería oportuno xeneralizar esta estratexia alí onde sexa posible.

De calquera xeito, estamos diante dunha baixa penetración da poboación de orixe chabolista no mercado de traballo, que contrasta coa forte segregación ocupacional que supón a prevalencia do traballo por conta allea para o conxunto dos principais núcleos chabolistas de Galiza.

## Nivel de integración social

Os niveis de integración pódense avaliar tamén desde dúas ópticas que, en calquera caso, resultan complementarias: será interesante coñecer se existe unha actitude activa de cara á cidadanía (asociacionismo) ou ao coidado da saúde en xeral, ou se, máis ben, predomina unha actitude pasiva, que podemos detectar a través da presenza de persoas sen censar.

Cuestión diferente é a existencia de conflitos que trastornen a convivencia. Neste segundo apartado incluiremos os comportamentos máis característicos do conflito social en relación cos problemas derivados da exclusión residencial.

### *Actividade de integración social*

Presentamos os datos xerais da actividade de integración social, que vai desde o menor esforzo e tensión de integración, que aparece na existencia de persoas sen censar, ata o maior compromiso co propio benestar e coa cidadanía, que estaña presente mediante o asociacionismo.


Tocante ás persoas sen censar, aínda existen nun 15,4% dos asentamentos. Trátase dunha cantidade moi elevada porque, aínda que numericamente non supoñen máis de media ducia, a falta de compromiso co censo supón unha absoluta desvinculación coa cidadanía e unha dificultade engadida para abordar as problemáticas de exclusión social. Significa que considerar que

os servizos sociais e o estado de benestar non ten nada que achegar á súa vida. Tamén significa que aínda quedan asentamentos nos que a situación de desvinculación é similar á existente a principios da década dos oitenta do pasado século.

Novamente, será pertinente indagar se este problema é máis agudo nos asentamentos de maior dimensión. Os seis asentamentos nos que aínda quedan persoas sen censar son Penamoa e Ponte da Pasaxe na Coruña, O Bao en Poio, e Moreira e As Raposeiras en Marín. Daquela, en catro dos seis maiores asentamentos chabolistas fica aínda xente sen censar. Os outros dous que aparecen na lista son asentamentos moi pequenos en dimensión e no medio dun contexto social moito máis normalizado para a comunidade xitana, que é o concello de Marín, onde se sitúa unha das maiores congregacións de xitanos zamoranos, con fortes raíces en Benavente.

A asistencia sanitaria, como resulta doado aventurar pola situación de saúde da poboación, está moi xeneralizada. De todos modos, é tan preocupante que os asentamentos da cidade de Ferrol teñan deficiencias no acceso á cobertura sanitaria (son estes os que aparecen identificados con falta de acceso á asistencia sanitaria) como a posibilidade de que existan familias extensas dependentes dunha única cartilla da Seguridade Social ou a ausencia de tarxeta sanitaria para unha parte da poboación. Esta posibilidade foi documentada no Carqueixo en Lugo, sendo moi posible que se trate dunha práctica xeneralizada. De selo, a progresiva normalización do uso da tarxeta para o acceso ás citas e ás receitas, converteríase en precario o acceso á sanidade da poboación chabolista.

Por último, hai que salientar a importante presenza do asociacionismo nos asentamentos da provincia de Ourense (cun total de seis asociacións) e a ocasional en Monforte de Lemos. Estes sete casos están referidos a asociacionismo de carácter étnico. A asociación do Portiño é unha entidade de tipo veciñal, aínda máis activa que as súas homólogas do ámbito do asociacionismo étnico. Tamén é salientable o feito



de que a maior parte das asociacións que integran a Federación Galega de Asociacións Xitanas procedan de asentamentos chabolistas, nomeadamente dos da provincia de Ourense. O menor nivel de conflitividade e as peculiaridades dos asentamentos xitanos da zona poderían explicar, cando menos parcialmente, este elevado nivel de actividade.

En conxunto, debemos referir da banda negativa da balanza a presenza de persoas sen censar na metade dos maiores asentamentos chabolistas do país, e a falta de asistencia sanitaria nos asentamentos da cidade de Ferrol.


No extremo oposto, os xitanos de Ourense son os máis activos na participación social. Daquela, unha maior concentración de poboación xitana (non só nos asentamentos) pode levar a menores taxas de participación social. Unha poboación xitana máis dispersa e máis relacionada co territorio e coas formas de vida tradicionais pode converterse nunha maior densidade asociativa.

### *Os conflitos*

Como era de esperar, o nivel de conflito declarado é moito máis baixo que o nivel de conflito percibido no contorno<sup>18</sup>. Ora ben, os lugares coincidentes de conflito serán aqueles que indiquen a maior complexidade para calquera intervención social.

Por iso resulta oportuno comezar identificando a presenza de delincuencia. A declaración de delincuencia na zona parece obedecer a situacións extremas, ou claramente recoñecibles. A súa presenza en Monforte de Lemos (asentamento das Lamas) contrasta fortemente coa presenza dunha asociación, o que apunta ao paradoxo do chabolismo en relación coa participación social. A situación de Ribeira foi ben coñecida no pasado e, mesmo se está mitigada na súa dimensión, coincide con datos que xa temos.

Por último, volve ser Penamoa na Coruña o centro da conflitividade nos asentamentos chabolistas, o de maior dimensión e maior acumulación de problemas.



<sup>18</sup> Compárase o contraste entre os datos que presentamos e os que constan no informe *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*.


Os conflitos interétnicos e o tráfico de drogas presentan a mesma importancia. Porén, a súa localización non é coincidente. O tráfico de drogas está claramente localizado en Penamoa, no Bao; no Freixeiro e no Carqueixo, dentro dos grandes asentamentos, así como no Seixo Branco en Ferrol na Conlleira en Ribeira. Novamente volvemos a atopar algúns dos nomes que veñen sendo habituais na construción social do imaxinario social do chabolismo.


En troques, os conflitos interétnicos acontecen en lugares diferentes: trátase dos tres grandes asentamentos da cidade da Coruña, incluíndo agora os máis accesibles e con menores problemáticas, como son O Portiño e A Ponte da Pasaxe; O Freixeiro en Narón e novamente A Conlleira en Ribeira, que xustifica así, unha vez máis, a súa inclusión no presente informe.

Unha conflictividade máis difusa está presente nun de cada cinco asentamentos. Atopamos aqueles asentamentos que tiñan conflictividade interétnica e, ademais, os do Carqueixo en Lugo, O Bao en Poio e O Seixo Branco en Ferrol.

Así, segundo a percepción dos/as informantes, parece ser que a maioría dos asentamentos non son especialmente conflictivos, a pesar da visión discrepante de moitos dos seus veciños e da maioría social. E para comprobalo, empréganse informacións que teñen un carácter obxectivable ao lado doutras que son máis subxectivas. O seu agregado dá como resultado un perfil baixo de conflictividade. E, aínda que poida existir un nesgo para rebaixar as afirmacións relativas ao conflito, o certo é que este non afecta máis que a unha minoría de asentamentos. Ora ben, eses resultan ser a maior parte dos de maiores dimensións e os das áreas urbanas con maiores concentracións de poboación xitana.

# Conclusiones

The background of the page is an abstract composition of geometric shapes. It features large, overlapping blocks of dark brown, teal, and black. A small, solid blue square is positioned in the upper right quadrant. The overall style is minimalist and modern.





A erradicación do chabolismo é unha prioridade política para o actual Goberno de Galiza. A súa pretensión é que tamén poida selo para o conxunto das administracións públicas do noso país e para os diferentes actores sociais implicados na mellora das condicións de vida da poboación que sofre a exclusión residencial.

A lexislación actual permite unha análise sistemática da situación dos asentamentos chabolistas e das características da súa poboación. Metodoloxicamente, partiuse da definición de chabolismo da Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 09-05-1989), e da organización dos datos proposta na Orde do 21 de xuño de 2006 de subvencións aos concellos, pola que se desenvolve parcialmente o Decreto 266/1989, do 23 de novembro, de desenvolvemento da Lei 5/1989, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza, se establecen as bases e se abre a convocatoria de axudas e subvencións na referida materia para 2006.

A análise dos datos dispoñibles dá como resultado unha poboación estimada de 3.381 persoas situadas en 744 chabolas, nas que residen 795 familias, distribuídas en 39 núcleos chabolistas integrados por cinco ou máis chabolas. Esta dimensión do problema é considerablemente maior que a estimada en informes anteriores. Non obstante, unha aproximación metodolóxica rigorosa e un contraste dos datos dispoñibles coas exclusións enunciadas en anteriores traballos reflicten unha redución continuada da situación do chabolismo, máis intensa durante os anos noventa e relativamente moderada, pero aínda importante na presente década.

O centro da problemática do chabolismo en Galiza está na cidade da Coruña, que alberga unha de cada tres persoas nesa situación no conxunto do país, a pesar dos notables esforzos realizados pola Administración local para lles facilitar o acceso á vivenda aos cidadáns máis vulnerables.

Os outros dous grandes focos do problema do chabolismo están situados no concello de Poio, con 312 persoas, e en Narón, con 298 persoas. Os res-

tantes concellos albergan poboacións chabolistas inferiores ás 200 persoas nos seus asentamentos (acaso o concello de Vigo supere esa cifra, contando as chabolas illadas).

Motivo de preocupación debe ser tamén a desproporción entre as poboacións chabolistas en relación coa poboación total dos concellos de Verín, Maceda e Maside, así como o crecemento recente do fenómeno chabolista no concello de Ames.

Esta situación está directamente conectada coa característica difusa do chabolismo en Galiza, se exceptuamos a concentración existente na cidade da Coruña, así como tamén coa poboación difusa do conxunto do territorio, que fai pouco operativas as divisións administrativas na abordaxe do chabolismo a nivel local, e que leva á instalación de chabolas en concellos con menores, niveis de planeamento e de vixilancia urbanística no contorno das cidades.

De feito, resulta preocupante a falta de proporcionalidade entre a dimensión dos concellos e os medios a dispor para a erradicación do chabolismo, polo menos no 31% da poboación chabolista (a que habita vilas menores de 20.000 habitantes e concellos rurais), máxime cando o segundo asentamento máis numeroso do país corresponde ao concello de Poio, que integra este grupo de concellos.

Tamén están situados en vilas os grupos chabolistas do Freixeiro en Narón, do Castiñeiro de Lobo en Ames e de Trabanca Badiña en Vilagaría de Arousa. Todos estes integran o grupo dos oito asentamentos máis populosos de Galiza, dificultando a abordaxe das súas problemáticas. Tamén hai que salientar as dimensións da Fontela en Maside e do Pedroso en Maceda, porque a acumulación de familias nun único lugar excede a capacidade de planeamento e de intervención social de administracións locais pensadas para menos de 5.000 persoas.

Esta situación convida a reflexionar sobre a pertinencia de propoñer medidas mancomunadas de intervención, ou sobre a conveniencia de dotarse dunha axencia especializada no traballo de acceso á vivenda e de acompañamento social do proceso das persoas e das familias realoxadas.

Tocante ás características dos asentamentos, a situación é relativamente mellor cá que se podería agardar, pero presenta importantes dificultades, non tanto pola intervención pública realizada neles e no seu contorno como

polas características dos lugares onde se sitúan as edificacións e pola súa propiedade.

A primeira dificultade, e non a menor de todas, está, en efecto, na titularidade dos terreos onde está situado o asentamento. Case o 60% deles está en terreos de titularidade exclusivamente privada, só un terzo responde a unha titularidade claramente pública e o 8% restante é de titularidade mixta. Esta dificultade podería estar mitigada se os asentamentos máis grandes fosen de titularidade pública e os de menor dimensión fosen de titularidade privada. Pero a realidade é que entre os oito asentamentos máis grandes só dous son de titularidade puramente pública.

Tamén podería contribuír ás solucións se os terreos privados fosen dos propios afectados (que o son e moitos casos) e se tivesen valor urbanístico. Pero, a pesar pertenceren en moitos casos aos propios afectados, os potenciais valores de mercado dos terreos son escasos ou mesmo inexistentes na maior parte dos casos.

O acceso ás redes de servizo (electricidade, auga, saneamento e comunicación) parece bastante adecuada. Os niveis de acceso ao saneamento son pouco inferiores aos do conxunto da poboación galega que non reside en núcleos urbanos; a electricidade e a auga chegan a nove de cada dez asentamentos; e existe acceso ás vías de comunicación en catro de cada cinco localizacións chabolistas. Estes datos, moderadamente positivos, reflicten un esforzo das administracións por mellorar os servizos básicos do contorno, pero non sempre garanten o acceso da poboación a eles, como mostra o feito de que aínda sexan frecuentes os enganches, coa perigosidade manifesta que supoñen para as persoas e para as súas moradas.

O nivel de servizos públicos, sendo inferior ao da presenza das redes de servizo, tamén debe considerarse axeitado. Destaca a recollida de lixo, en catro de cada cinco poboados, e a iluminación pública, cunha porcentaxe algo inferior pero moi similar. Isto reflicte o esforzo municipal por dotar o contorno de melloras significativas para a poboación. O transporte público ten unha cobertura desigual no país, afectando negativamente á poboación rural en particular e ao conxunto da poboación dispersa en xeral, polo que o acceso de máis da metade dos asentamentos ao transporte público debe considerarse como un dato que apunta á normalización destes. O teléfono público perden

relevancia na comunicación entre as persoas durante a última década, polo que non debe estrañar que non sexa obxecto prioritario de atención (15% dos asentamentos).

Superior aínda resulta a presenza de equipamentos sociais no contorno dos asentamentos (centro de saúde, centro escolar, centro de servizos sociais, farmacia e centro cívico e/ou relixioso). Salvo neste último caso, nos restantes, nove de cada dez lugares chabolistas teñen un acceso normal a estes equipamentos.

Onde podemos centrar os datos claros de deficiencias no contorno é nos niveis de salubridade. Un de cada dez enclaves teñen un vertedoiro na súa proximidade, e máis da metade presentan un grao salientable de degradación. Significa que un de cada dous asentamentos ten un nivel de salubridade preocupante, resultando alarmante a situación dunha décima parte deles.

Se facemos caso das estatísticas de sinistros e accidentes, e a súa conciencia por parte dos informantes, estes lugares de residencia das persoas son perigosos por causa do tráfico rodado (estradas, vías de tren...) en catro de cada dez asentamentos. Ademais, aínda que non temos constancia de vítimas, as chobolas corren risco de inundación nunha porcentaxe dunha de cada tres. E, cando esta situación non repercute na integridade física, polo menos contribúe á falta de salubridade e incrementa as dificultades do coidado persoal no contorno do propio fogar.

Como media, cada asentamento chabolista reúne algo máis de ducia e media de edificacións. As familias están integradas por unha media de 4,25 membros, que podemos considerar baixa, coa excepción de que a idade de nupcialidade e de primeira natalidade é moi temperá, dando lugar a un importante movemento natural da poboación de carácter expansivo.

Temos poucos datos sobre a antigüidade dos asentamentos, pero a media dos datos dispoñibles dá unha distribución máis intensa arredor de 1983. Nos últimos anos son máis os asentamentos que desapareceron que os novos que foron creados, e esta tendencia está agudizada durante a presente década.

Pola contra, a dimensión dos asentamentos existentes tende a aumentar, incrementándose a poboación e diminuíndo a dispoñibilidade de novas localizacións; case o 60% dos asentamentos incrementan a súa poboación. Tamén

o número de chabolas tende a incrementarse, pero a un ritmo menor que o marcado polo crecemento natural da poboación.

Polo que fai relación ás políticas de intervención, aínda un 36% dos asentamentos carecen dela, segundo os informantes. E iso a pesar das melloras que reflectimos no contorno e dos esforzos de intervención social de certos concellos, alén das súas posibilidades de abordaxe da erradicación total do chabolismo. Desde este punto de vista, hai que destacar a relevancia da intervención nos procesos de acceso a unha nova vivenda e a un hábitat máis saudable.

Tocante á configuración da identidade cultural das familias que habitan en chabolas, destaca a presenza de xitanos galegos, seguidos de forma moi relevante polos ciganos trasmontanos. Os non xitanos aparecen en oito asentamentos, en ocasións en forma de matrimonios mixtos, e só ocasionalmente como colectivo diferenciado. Máis escasos aínda son os xitanos casteláns, que só teñen participación na composición da poboación de cinco asentamentos.

Os niveis de saúde da poboación chabolista son considerablemente precarios en comparanza coa poboación xeral e a súa esperanza de vida aínda resulta significativamente menor. Con todo, a atención sanitaria progresou de forma importante desde a universalización do acceso ao sistema público de saúde. Así, a atención pediátrica está moi xeneralizada. Valores inferiores ofrece a obstetricia e aínda menores a planificación familiar. Porén, coberturas superiores aos dous terzos apuntan a un cambio no acceso e no uso dos servizos sanitarios.

Ese cambio, que debe modificar a medio prazo os niveis de saúde do conxunto da poboación, non impiden unha morbilidade anormalmente alta (que ten como efecto unha mortalidade maior que a media). Resulta particularmente preocupante a taxa de presenza de enfermidades infecto-contaxiosas. Estas correlaciónanse positivamente coa presenza de consumo abusivo de drogas e coas enfermidades mentais, aínda que estas últimas teñen unha presenza maior, acaso froito das patoloxías sociais existentes entre a poboación, máis alá dos seus comportamentos desviados da norma social. Pero non é menos destacable a presenza de doenzas crónicas nunha poboación que é significativamente máis nova que a media do país.

O nivel de instrución académica da poboación chabolista pode considerarse como o máis baixo de Galiza. Existen indicios de cambio entre os adultos (máis da metade dos asentamentos beneficianse de accións de alfabetización de persoas adultas e un 46% acceden a cursos de formación ocupacional) e tamén entre a poboación infantil (nun 78% das localidades hai menores que acceden á escolarización infantil preobrigatoria). En troques, hai datos moi relevantes de que a educación regulada aínda non é unha prioridade para as persoas e para as familias, dado que o absentismo grave está presente no 61,5% dos casos e a desescolarización na secundaria é case un feito xeneralizado.

O nivel económico dos moradores das chabolas é moi baixo. As súas ocupacións fundamentais son a chatarra, a venda ambulante e as atraccións de feira, moitas veces conxugadas de feito estacional e oportunista, pero sen unha clara estratexia de rendibilidade. De feito, a fonte de ingresos que articula a economía familiar é, para a maioría dos casos, a percepción dunha prestación social. En cambio, os ingresos por traballo non chegan a ser fundamentais sequera para a metade dos núcleos chabolistas.

Como se pode esperar, a inserción no mercado de traballo é moi baixa. Cuns niveis de desemprego e de subocupación exponencialmente superiores ao conxunto da poboación galega, o principal esforzo dos moradores das chabolas está relacionado co autoemprego. De todos modos, non deixa de ser significativa a presenza de traballadores por conta allea nun 20% dos asentamentos e de políticas de promoción do emprego noutro 20%, non sempre coincidentes. Aparentemente, as mellores prácticas estarían relacionadas cun itinerario de inserción laboral que comezaría polo emprego protexido e remataría no traballo por conta allea. A experiencia dos concellos, pero tamén das organizacións sociais que teñen feito estas experiencias, poderían contribuír a modificar as bases materiais da subsistencia e facilitar o tránsito a unha vivenda digna.


O principal indicador dunha baixa actividade de participación social é a existencia de persoas sen censar en seis asentamentos chabolistas. O indicador positivo que lle fai de contrapeso é o existencia de asociacións en sete localizacións chabolistas.

Por último, a conflitividade caracteriza exclusivamente un de cada cinco asentamentos. Os problemas de tráfico de drogas son significativos, sempre

segundo os informantes, só en seis asentamentos. Iso si, está presente en catro dos oito asentamentos máis grandes do país.

A dimensión actual do chabolismo en Galiza e os problemas que leva emparellados, sendo graves e repercutindo moi negativamente nos niveis de vida das persoas, son abarcables e distan moito dos estereotipos negativos máis frecuentemente estentidos, polo que é pertinente abordalos coa maior brevidade posible. Para iso, cómpre ter presente a súa complexidade, e a disproporcionalidade entre os medios administrativos dispoñibles e a dimensión da problemática, a partir dunha certa dimensión da Administración local. Daquela, é necesaria a concertación entre os diferentes actores, baixo o liderado da Conselleira de Vivenda, para aliñar os recursos existentes e para dispor novas ferramentas administrativas que lle dean o pulo definitivo á erradicación do chabolismo no noso país.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2007







**Anexos**



**CARACTERÍSTICAS DO ASENTAMENTO**

**1. Denominación do asentamento**

**2. Localización**

**3. Titularidade dos terreos onde está situado o asentamento**

Pública

Privada

Comentario

**4. Nivel de urbanización: rede de servizos**

Eliminación de residuos

Si  Non

Abastecemento de auga

Si  Non

Subministración de enerxía eléctrica

Si  Non

Acceso á rede de comunicación

Si  Non

**5. Nivel de servizos públicos**

Iluminación

Si  Non

Recollida de lixo

Si  Non

Transporte público

Si  Non

Teléfono público

Si  Non

Comentario

## 6. Nivel de equipamentos

Centro de saúde

Si  Non

Centro escolar

Si  Non

Centro de servizos sociais

Si  Non

Farmacia

Si  Non

Centro cívico e/ou relixioso

Si  Non

Comentario

## 7. Nivel de salubridade

Proximidade a vertedoiros urbanos ou industriais

Si  Non

Degradación ecolóxica do contorno

Si  Non

Comentario

## 8. Nivel de perigosidade

Proximidade a vías férreas ou tráfico rápido

Si  Non

Proximidade a terreos pendentes ou con perigo de inundación

Si  Non

Comentario

Observacións

## CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN AFECTADA

### 1. Número de familias/persoas do asentamento

Nº persoas \_\_\_\_\_

Unidades de convivencia \_\_\_\_\_

Nº chabolas \_\_\_\_\_

Comentario

### 2. Antigüidade do asentamento

Año de constitución deste \_\_\_\_\_

Nº chabolas inicial \_\_\_\_\_

Comentario

### 3. Situación actual asentamento

Evolución da poboación no asentamento

Aumenta  N° \_\_2\_\_ Diminúe  N° \_\_\_ Mantense

Evolución nº chabolas no asentamento

Aumenta  N° \_\_\_ Diminúe  N° \_\_\_ Mantense

Existencia de políticas activas de intervención

Si  Non

Comentario

### 4. Procedencia das familias

Xitanos/as casteláns/ás

Si  Non

Xitanos/as galegos/as

Si  Non

Ciganos/as

Si  Non

Non xitanos/as

Si  Non

Comentario

## 5. Nivel de saúde dos habitantes

Planificación familiar

Si  Non

Obstetricia

Si  Non

Atención pediátrica

Si  Non

Presenza de enfermidades mentais

Si  Non

Presenza de enfermidades crónicas

Si  Non

Consumo de drogas

Si  Non

Presenza de enfermidades infectocontaxiosas

Si  Non

Comentario

## 6. Nivel cultural e de formación da comunidade

Escolarización infantil

Si  Non

Absentismo escolar

Si  Non

Alfabetización

Si  Non

Asistencia a cursos de formación ocupacional

Si  Non

Comentario

## 7. Nivel económico

Principais ocupacións

Chatarra  Venda ambulante  Outros

Principais fontes de ingresos

Traballo  Prestacións sociais  Mendicidade  Outros

Integración no mercado de traballo Si  Non

Traballo por conta allea  Escolas taller e obradoiros de emprego

Autoemprego

Comentario

**Rexistro das accións realizadas. Resumo da visita ao asentamento**

**Observacións**

**8. Nivel de integración social**

Existencia de persoas sen censar

Si  Non

Acceso e uso da asistencia sanitaria

Si  Non

Presenza de asociacionismo

Si  Non

Presenza de conflictividade no asentamento

Si  Non

Delincuencia  Tráfico de drogas  Conflictos interétnicos

Comentario





Normativa vixente en materia de erradicación do chabolismo, en relación coa Consellería de Vivenda e Solo.

- Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 09-05-1989).
- Decreto 266/1989, do 23 de novembro, polo que se desenvolve a lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 14/12/89).
- Decreto 111/1991, do 4 de abril, polo que se modifica o Decreto 266/1989 de medidas para a erradicación do chabolismo, en materia de determinación das contías de axudas e subvencións (DOG 17/04/91).
- Ordes anuais de convocatorias de subvencións.

A citada normativa, así como as súas actualizacións, pódense consultar na páxina web da Consellería de Vivenda e Solo: <http://igvs.xunta.es/>



## Anexo III. Bibliografía

- A.S.P. Chavós, *A comunidade xitana en Galicia 1990-2000*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2003.
- Carmen Trilla, *La política de vivienda en una perspectiva europea comparada*, Fundación La Caixa, Barcelona, 2001.
- Informe Extraordinario do Valedor do Pobo sobre a Situación da Poboación Xitana de Galicia, Santiago de Compostela, 2005.
- Luís Cortés Alcalá, José León Paniagua, 'La vivienda como factor de exclusión social' en *Documentación Social. Revista de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada*, 106: 93-147.
- L. Cortés Alcalá e Ó. López Maderuelo, *España y el desarrollo social*, Cáritas Editores e Intermón, Madrid 1999.
- Lurdes Nicolau, *A comunidade cigana portuguesa em Pamplona: Aculturação e preservação de aspectos culturais do país de origem*, traballo de Mestrado, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, Vila Real, 2003.
- Teresa San Román Espinosa, *La diferencia inquietante: viejas y nuevas estrategias culturales de los gitanos*, Siglo XXI de España Editores, S.A., Madrid, 1997.



## Anexo IV. Autoría e agradecementos

Este informe sobre *O chabolismo en Galiza*, correspondente ao ano 2006, cunha actualización no ano 2007, foi elaborado pola Fundación Secretariado Xitano. A dirección técnica e a redacción realizounas Santiago González Avión. O traballo de campo foi coordinado por Eva Vera Ledo, coa participación dos equipos de traballo da Fundación Secretariado xitano en Lugo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

Agradecemos a colaboración do persoal técnico, nomeadamente dos servizos sociais dos seguintes concellos:

A Coruña  
Ames  
O Carballiño  
Culleredo  
Ferrol  
Lugo  
Maceda  
Maín  
Monforte de Lemos  
Narón  
O Porriño  
Poio  
Quiroga  
Ribeira  
Verín  
Vigo  
Vilagarzá de Arousa  
Vilanova de Arousa  
Xinzo de Limia

Agradecemos, ademais, a colaboración da Asociación de Promoción e Integración Gitana de Lugo, así como da Federación Gallega de Asociaciónes Gitanas, de Ourense. O traballo diario de todas estas institucións e das persoas que nelas traballan ou colaboran está detrás dos resultados deste informe. A todas elas, grazas.

